

Maggie, unha muller da vida

Stephen Crane

Tradución de Laura Sáez



Stephen Crane

Maggie, unha muller da vida

Versión galega de Laura Sáez

Capítulo I

Un meniño pequeno ficaba de pé sobre un monte de grava defendendo a honra da banda de Rum Alley. Guindáballes croios aos pícaros berróns de Devil's Row que rodeaban o montículo nun frenesí de loucura mentres estes lle respondían con máis croios.

Tiña a cariña infantil morada da rabia e o corpiño retorcíase ao ceibar violentos xuramentos.

-Corre, Jimmie, corre! Que te van coller -berráballe un neno de Rum Alley en retirada.

-Neh -contestoulle o Jimmie cun ruxido de valor-, estes irlandeses non me van facer escapar.

Das gorkas da banda de Devil's Row xurdiron ouvidos de ira renovada. Uns cativos farrapentos decidíranse por un asalto violento pola dereita do monte de grava. Nas caras convulsas relucían sorrisos de auténticos asasinios. Mentres cargaban, lanzaban croios e xuraban a coro en ton chión.

O pequeno campión de Rum Alley baixou a tropezóns polo outro lado. O seu abrigo quedara esfarrapado na liorta e perdera a gorra. Tiña mazaduras en vinte partes do corpo e pingáballe sangue dun corte na cabeza. Os trazos pálidos da súa cara dábanlle o aspecto dun demo pequeno e tolo.

No chan, os nenos de Devil's Row rodearon o seu opoñente. El, co brazo esquerdo sobre a cabeza a modo de defensa, loitaba cunha furia alimentada por xuramentos. Os pequenos corrían de aquí para alí, esquivándoo, guindándolle croios e xurando en tipples primitivos.

Desde a fiestra dun edificio que se erguía entre unhas cortes ignorantes e alleas ao tumulto, unha muller curiosa observaba a escena. Algúns estibadores que descargaban un bote no peirao do río pararon un momento e quedaron mirando para a liorta. O maquinista dun remolcador parado acomodouse devagar contra a varanda e quedou fitando para os nenos. Na illa, unha fileira de convictos vestidos de amarelo emerxía da sombra dun edificio e arrastrábase coma unha miñoca lentamente pola ribeira.

Ao Jimmie unha pedra déralle de cheo na boca. Pingáballe o sangue polo queixo e caíalle pola camisa esgazada. As bágoas abríanlle regos nas fazulas cotrosas. Sentía como as súas perniñas esfameadas comezaran a tremer e a facerse máis febles, facendo que todo o corpo tremelicase. Os xuramentos violentos do comezo da liorta tornaran nun murmurio de ofensas.

Nos berros do remuíño de pícaros de Devil's Row sentíanse notas de alegría, coma se fosen salvaxes cantigas de triunfo. Os pequenos parecían refocilarse na visión do sangue na cara do outro neno.

Pola avenida subía paseando con fachenda un rapaz de dezaseis anos, aínda que xa lle asomaba sobre os beizos o permanente aire de desprezo dunha virilidade idealizada. Levaba o gorro inclinado sobre un ollo con aspecto desafiante. Entre os dentes, unha cabicha dun cigarro cunha inclinación retadora. Camiñaba ondeando lixeiramente os ombros, o que asustaba aos medorentos. Fitou para o espazo onde os tolos cativos de Devil's Row corricaban arredor do neno chión e choroso de Rum Alley.

-Vaite! -murmurou con interese-. Unha pelexa. Vaite!

Achegouse ás alancadas o círculo ameazador, ondeando os ombros de maneira que mostraba que carrexaba a vitoria nos puños. Achegouse por detrás ata un dos nenos de Devil's Row máis metidos na refrega.

-Ei, que carallo pasa aquí -dixo, e largoulle unha puñada na caluga ao rapaz. O pequeno caeu ao chan e ceibou un ouvido longo e rouco. Púxose de pé e ao decatarse, aparentemente, do tamaño do seu adversario, botou a correr, berrando consellos de alarma. O grupo enteiro de Devil's Row seguiu. Pararon un pouco máis adiante e berraron burlas e xuramentos contra o mozo do aire de desprezo. Este último, polo momento, non lles fixo caso ningún.

-Que carallo fixeches, Jimmie? -preguntoulle ao pequeno defensor.

Jimmie limpou a cara sanguenta coa manga.

-Mira, foiche así, Pete, non sabes? Ía meterlle unha a ese tal Riley e logo viñeron todos contra min.

Algúns nenos de Rum Alley achegáronse. Quedaron uns momentos intercambiando observacións fachendosas ca banda de Devil's Row. Lanzáronse algúns croios a moita distancia e palabras desafiante cruzaron o aire dun pequeno guerreiro a outro. Logo o continxente de Rum Alley virou devagar cara á súa rúa. Comezaron a recontarse versións distorsionadas da liorta. Ao relatalas individualmente, as causas da retirada magnificáronse. Os golpes dados na liorta engrandecéronse ata relataren a forza dunha catapulta e díxose das pedras que lanzaran que voaran cunha precisión infinita. O valor reforzouse de novo e os pequenos volveron xurar con forzas renovadas.

-Ai, somos quen de mallar en todos os condonados da banda do Row -dixo un neno, con fachenda.

O pequeno Jimmie esforzábbase por conter o rego de sangue dos seus beizos cortados. Co cello engurrado virouse cara ao seu interlocutor.

-Ai, si, non? E onde cona 'tabes cando eu 'taba pelexando? -preguntou-. Vós os ananos, tédesme cheo.

-Anda, vai d'aí -retrucoulle o primeiro.

Jimmie contestou con fondo desprezo.

-Pe' se non sabes pelexar, Billy Babeco! Eu dou contigo no chan cunha man soa

-Ala, vai d'aí -respondeu Billie de novo.

-Ai, non? -dixo Jimmie en ton ameazador.

-Non tal! -dixo o outro no mesmo ton.

Amarráronse o un ao outro, agarrados e caeron dando voltas sobre as lastras da rúa.

-Esmágao, Jimmie, dálle a escachar -berrou Pete, o mozo do aire de desprezo, cun ton divertido.

Os pequenos combatentes andaban a puñadas e patadas, rañábanse e agarrábanse. Comezaron a chorar e os seus xuramentos atragoábanselles nas gorxas ao saloucaren. Os outros nenos apertaban as mans e movían as pernas nerviosos coa emoción. Formaban un círculo que acurralaba a parella.

De súpeto, un minúsculo espectador púxose nervioso.

-Para, Jimmie, para! Que vén teu pai -berrou.

O círculo de pícaros desfíxose inmediatamente. Afastáronse e esperaron nun abraio de éxtase para ver que era o que estaba a piques de acontecer. Os dous nenos que loitaban ao estilo de hai catro mil anos non escoitaron o aviso.

Pola avenida subía lenta e pesadamente un home de ollos fuscos. Carrexaba unha friameira de lata e fumaba nunha cachimba de madeira de maceira.

Mentres se achegaba canda a pelexa, ollaba para eles sen gana. Pero de súpeto ceibou un xuramento e alancou cara aos loitadores que andaban a rolos.

-Ei, Jim, levanta d'aí que che vou dar unha malleira que te vas acordar, algareiro do carallo.

Comezou a ceibar patadas contra a lea caótica do chan. O Billie sentiu como unha bota dura lle golpeaba na cabeza. Fixo un esforzo violento e desenganchouse do Jimmie. Marchou abanando e ceibando xuramentos.

Jimmie ergueuse dolorosamente do chan e enfrontándose ao seu pai, comezou a berrarlle. O seu pai deulle unha patada.

-Anda pa' casa agora mesmo -berroulle-. E deixa de bruar, que che rebento a cabeza.

Marcharon. O home camiñaba placidamente carrexando entre os dentes o emblema de serenidade de madeira de maceira. O neno seguía tres ou catro metros atrás. Xuraba a berros, pois sentía que era humillante, para quen pretendía ser unha figura semellante á dun soldado, ou un guerreiro de sangue con algunha clase de permiso sublime, que o seu pai o levase á casa.

Capítulo II

Finalmente entraron nunha zona escura onde, dende un edificio que carenaba, unha ducia de portas tenebrosas ceibaban moreas de cativos cara a rúa e os sumidoiros. Un refacho de vento de comezos de outono levantou po amarelado das lastras e levouno nun remuíño contra cen ventás. Longas trandeiras con pezas de roupa danzaban desde as escaleiras de incendios. Había caldeiros, vasoiras, farrapos e botellas en cada recuncho afastado. Na rúa, os nenos xogaban ou pelexaban con outros nenos ou sentaban como parvos no medio da rúa atrancando o paso dos coches. Mulleres imponentes, co pelo desamañado e roupa desgairada murmuraban mentres se apoiaban nas varandas ou berraban en ruidosas rifadas. Persoas de aire murcho sentaban en curiosas posturas de submisión a algo fumando nas cachimbas en recunchos escuros. Milleiros de cheiros a comida das cociñas chegaban ata a rúa. O edificio tremía e renxía co peso das pisadas da humanidade nas súas entrañas.

Unha rapaza pequena e farrapenta, arrastraba un bebé de fazulas coloradas que berraba pola rúa abarrotada. El negábase a camiñar, como fan os bebés, encrequenando as súas perniñas nús e engurradas.

A meniña berroulle:

-Ai, Tommie, veña. Aí 'tan o Jimmie e o papá. Non me tires p'atrás.

Turrou do brazo do bebé con impaciencia. El caeu de fronte, ouveando. Turrou por segunda vez e púxoo de pé e seguiron camiñando. Coa obstinación da súa especie, protestou ao ser arrastrado nunha dirección específica. Facía esforzos heroicos para manterse sobre as pernas, berrarlle á súa irmá e comer un cacho de tona de laranxa que mastigaba no tempo que lle sobraba entre as súas ladaíñas infantís.

Cando se achegou o home de ollos fuscos, seguido polo neno enchoupado en sangue a nena comezou a berrar en ton de reproche:

-Madía leva, Jimmie, 'tiveches pelexando outra vez.

O pícaro contestou enchéndose de desdén

-Ai, que tanto ten, Mag. Ou?

A nena rifoulle:

-Sempre 'tas pelexando, Jimmie, e sabes que iso enfada á mamá, cando chegas a casa medio morto e logo levamos todos.

Comezou a chorar. O bebé botou á cabeza para atrás e berrou ante as súas expectativas.

-Boh, que carallo! -berroulle Jimmie-. Cala a boca ou péchocha dunha hostia. Ou?

Como a súa irmá seguía lamentándose, el xurou e mandoulle unha puñada. A nena caeu abanando e ao recuperarse, rompeu a chorar e insultouno, co corpo tremente. Ela recuaba devagar e el camiñaba cara a ela, esquivando as súas pancadas. O pai sentiunos e foi canda eles.

-Para quedo, Jim, oes? Deixa a túa irmá tranquila. É que non che poden meter nada de sentido nesa túa cabeza de cortiza.

O neno levantou a voz para enfrontarse ao seu pai e seguiu forcexando. O bebé bruaba estrondosamente, protestando de forma intensa. Seguirá á súa irmá, arrastrado polo brazo, durante as manobras precipitadas da rapaza. Finalmente, a procesión afundiouna nunha das portas tenebrosas. Subiron devagar por escaleiras escuras e cruzaron

vestíbulos longos e tétricos. Finalmente o pai empurrou unha porta e entraron nun cuarto iluminado onde había unha enorme muller completamente desbocada. Corría entre un lume aceso e unha mesa na que repousaba unha pota e detívose de súpeto. Ollou para o pai e os nenos mentres entraban no cuarto.

-Pero isto que é? Pelexando outra vez, meu deus! -debruzouse contra Jimmie. O neno tentou correr a ocultarse atrás dos outros e nesas, o bebé, Tommie, acabou no chan. Protestou coa súa vehemencia habitual porque lle esmagaran as tenras canelas contra a pata dunha mesa.

Os ombros xigantes da nai inchábanse e desinchábanse coa rabia. Colleu o cativo polo pescozo e os ombros e sacudiuno ata que o fíxo resoar. Arrastrouno ata un vertedoiro terrible, mollou un farrapo en auga e comezou a fregarlle a cara ferida. Jimmie berraba co proído e tentaba revirar os ombros para liberarse da forza coa que o apresaban os enormes brazos.

O bebé estaba sentado no chan observando a escena, coa cara contorsionada, coma se fose unha dama observando unha traxedia teatral. O pai, cunha cachimba acabada de prensar na boca, sentou nun tallo ao carón da cociña. Os berros de Jimmie molestábano. Deu a volta e berroulle á muller:

-Deixa o puñeteiro neno tranquilo un momento, ho, Marie. Non paras de mallar nel. Cando chego a casa pola noite non ch'hai maneira de descansar, que sempr'andas a mallar nun deles.

As accións da muller sobre o neno fixéronse instantaneamente máis violentas. Por último mandouno contra un recuncho onde quedou amoucado, murmurando xuramentos e choromicando.

A muller pousou as súas enormes mans no van e dando unha alancada propia do xefe dun clan, achegouse canda ao seu home.

-Mí'-dixo cun grñido de desdén-. E ti pa' que conas te metes?

O bebé agatuñou debaixo da mesa, deu a volta e quedou mirando a situación con cautela. A nena farrapenta recuou e o neno no recuncho encolleu as pernas ata sentar sobre elas.

O home deulle unha calada á cachimba con calma e pousou as súas enormes e cotrentas botas na parte de atrás da cociña.

-Vai ao carallo -murmurou devagar.

A muller berrou e ondeou os puños diante dos ollos do seu home. O amarelo intenso da súa cara e pescozo puxéronse carmesí de súpeto. Comezou a bruar.

El seguiu fumando sen inmutarse durante un tempo, pero finalmente púxose de pé e comezou a ollar pola fiestra cara ao caos de patios traseiros escurecendo coa chegada da noite.

-‘Tiveches bebendo, Mary -dixo-. Igual ch'era mellor deixares a botella, que non che vai ben.

-Mentes. Non bebín nin unha pinga -bruou de volta.

Enleáronse nunha regueifa intensa, durante a que condenaron as súas almas reciprocamente repetidas veces.

O bebé observaba desde debaixo da mesa, coa cariña treméndolle excitada polo balbordo.

A nena farrapenta moveuse con sixilo ata o recuncho onde estaba acochado o cativo.

-Mancácheste moito, Jimmie? -murmurou con timidez.

-Nin un pouco! Viches -grñiu o pequeno.

-Límpoche o sangue?

-Non!

-Fáigoche...

-Cando colla ao Riley voulle partir a cara dunha malleira! Iso! Oes?

Virou a cara contra a parede resolto a agardar polo momento oportuno.

Na loita entre o home e muller, a última gañara. O home agarrou o sombreiro e saíu correndo do cuarto, aparentemente decidíndose por un trago de vinganza. Ela seguiu e berroulle mentres el baixaba as escaleiras.

Deu a volta e púxose a remexer no cuarto ata que os nenos acabaron por arremuiñárselle arredor como burbullas.

-Sacade d'aí -bruaba persistentemente, ondeando os pés vestidos con zapatos esfarrapados sobre as cabezas dos nenos. Envolveuse nunha nube de vapor ao carón da lareira mentres griñía e resmungaba, e finalmente extraeu dela unha tixola chea de patacas asubiantes.

Abaneou a tixola no aire.

-Vinde p'a cea -berrou con repentina exasperación-. Vinde vindo ou vos traio eu!

Os nenos apuraron e chegaron a tropezáns. Sentaron na mesa cun barullo prodixioso. O bebé sentou nunha trona precaria cos pés colgándolle e ateigou o seu pequeno bandullo. Jimmie enviou entre os beizos cortados á forza e con rapidez insólita os anacos envoltos en graxa. Maggie, ollando cara aos lados con medo de que a interrompesen, comía coma unha tigresa pequena durante unha persecución.

A nai quedou sentada ollando para eles e pestanexando. Ceibaba xuramentos, tragaba patacas e bebía dunha botella dunha cor indefinida entre o amarelo e o marrón. Logo dun anaco cambioulle o ánimo e deu en chorar mentres carrexaba o pequeno Tommie ata o outro cuarto para deitalo mentres el agarraba cos seus puños pequenos un edredón vello de luída grandeza que un día fora verde e vermello. Logo volveu e saloucou ao carón da cociña. Abanaba adiante e atrás nunha cadeira, soltando bágoas e queixándose penosamente aos dous nenos da súa “pobre nai” e de “o voso pai, maldito sexa”.

A nena camiñou devagar entre a mesa e unha cadeira na que había un balde. Abaneaba sobre as súas perniñas ao carrexar moreas de pratos.

Jimmie sentou e atendeu as súas moitas feridas. Lanzáballe olladas furtivas á súa nai. O seu ollo, que xa tiña práctica, decatouse de como gradualmente emerxía dunha nebulosa sensibleira ata un estado no que lle ardían os miolos acalorados polo alcohol. Quedou sentado sen respirar.

Maggie rompeu un prato.

A nai púxose de pé coma se a propulsasen.

-Ai, meu deus -ouveou. Os seus ollos escintilaban fitando para a súa filla con súbita xenreira. O roxo ardente da súa cara tornou case morado. O neno saíu correndo cara ao vestíbulo, chiando coma un monxe nun terremoto.

Quedou vagando na escuridade ata que deu coas escaleiras. Baixou ás toas apurado polo pánico ata o andar de abaixo. Unha vella abriu unha porta. A luz atrás dela proxectou un relampo na cariña tremente do neno.

-Meu deus, rapaz, que foi? Anda agora teu pai batendo na túa nai, ou a túa nai batendo no teu pai?

Capítulo III

Jimmie e a vella quedaron un longo anaco escoitando no vestíbulo. Por riba do murmurio mudo das conversas, dos choros tristes dos bebés pola noite, das pisadas de pés en corredores descoñecidos, mesturado co son de variados berros roucos na rúa e o repenique das rodas contra as lastras, escoitaron os chíos da nena e o ruído da nai afogar ata que se converteron nun laio afastado ao que seguiu un murmurio afogado.

A vella era un personaxe nodoso e coirento, capaz, segundo a súa vontade, de adquirir un aspecto de gran virtude. Tiña unha caixa de música que tocaba unha canción e unha colección de “deuschebendigas” que podía entoar con distintos tons de fervor. Cada día ocupaba un lugar sobre o chan da quinta avenida, onde encrequenaba as pernas baixo da saia e acochábase inmóbil e espantosa, coma un ídolo. Cada día recibía unha cantidade

pequena de peniques. Esa cantidade proviña, na maioría, de xente que non vivía nesa veciñanza.

Unha vez, a unha muller caéralle a carteira na beirarrúa, e a muller retorcida colléaa e agocháaa con moita habilidade baixo do abrigo. Cando a arrestaron, tanto insultou á señora que esta case se desmaiou, e coas pernas envellecidas e retortas pola reuma, case lle esmagou o bandullo a un policía, a cuxa conduta nese día había de referirse, dicindo: “A policía, cago neles”.

-Ai, Jimmie, e non lle dará vergoña? -dixo-. Ala, váiteme mercar un grolíño, e se túa nai monta barullo esta noite, podes durmir aquí.

Jimmie colleulle da man un cubo de lata e sete peniques e marchou. Cruzou a porta lateral dunha taberna e foi ata a barra. Púxose nas puntas dos pés e levantou o caldeiro e os sete peniques tan alto como lle deixaban os brazos. Viu dúas mans que baixaban e os collían, e logo as mesmas mans baixáronlle o caldeiro cheo e marchou.

Fronte á porta tenebrosa atopou unha figura que abaneaba. Era o seu pai, que abalaba apoiándose nunhas pernas dubidosas.

-Trae aquí, si? -dixo o home con ton ameazador.

-Ai, non! Isto é p’a vella, e sería de porcos roubarllo. Ou? -berrou Jimmie.

O pai arrincoulle o caldeiro ao neno. Colleuno coas dúas mans e levouno ata a boca. Logo pegou os beizos no bordo e inclinou a cabeza cara atrás. O pescozo peludo inchóuselle tanto que parecía saírlle directamente do queixo. Tragou con forza e a cervexa desaparecera.

O home colleu alento e riu. Golpeou o seu fillo na cabeza co caldeiro baleiro. O caldeiro caeu arrolando e resoando polo chan abaixo e Jimmie empezou a berrar e darlle patadas ao seu pai nas canelas.

-Mi’ p’a faena que me fixeches -ouveou-. A vella vai botar fume.

Recuou ata o medio da rúa, pero o home non o seguiu. Quedou cambaleando cara á porta.

-Voute moer a paus, como te colla -berroulle ao neno, e logo esvaeceuse.

Pola tarde estivera na barra bebendo güisquis e contándolle a todo o que chegaba, en ton confidencial: “A miña casa éche un inferno! Vaia sitio horrible! Un inferno! Por que teño que vir aquí a beber güisqui desta forma? Porque a casa é un auténtico inferno!”

Jimmie quedou esperando moito tempo na rúa e logo subiu sixilosamente e con cautela polo edificio. Cruzou con moito coidado por diante da porta da muller retorcida, e finalmente parou diante da súa casa e escoitou.

Podía sentir a súa nai movéndose pesadamente entre os mobles do cuarto. Cantaruxaba cunha voz triste, intercalando a cada pouco abrollos de ira volcánica contra o pai, que, polo que Jimmie entendeu, estomballárase no chan ou nun recuncho.

-Por que raios non tentas que o Jimmy deixe de meterse en pelexas? Vouche partir a cara -berrou de súpeto.

O home murmurou coa indiferenza dun borracho.

-E a min que? Que tanto ten? Que rabeas?

-Porque rompe a roupa, idiota -berrou a muller ao límite da ira.

O marido pareceu excitarse.

-Vai á merda -contestou de súpeto con violencia.

Sentiuse un golpe contra a porta e algo rompeu en moitos anacos que repenicaban. Jimmie tentou afogar un berro e marchou correndo polas escaleiras abaixo. No piso de abaixo parou e escoitou. Sentiu oveos e insultos, xemidos e chíos, nun coro confuso, coma o centro dunha batalla. Entre o balbordo escoitábase o son dos mobles esnaquizándose. Os ollos do neno escintilaron co medo de que alguén o atopase alí.

Das portas emerxeron caras de curiosidade, murmurando comentarios aquí e aló.

-Xa ‘tan os Johnson outra vez co estrondo.

Jimmie esperou ata que os rúidos pararon e os outros habitantes do edificio bocexaran e pecharan as portas. Logo arrastrouse ata arriba coa mesma precaución dun intruso na

gorida dunha pantera. A través das madeiras rotas da porta sentíase o rosmar dunha respiración pesada. Abriu a porta e entrou, tremendo.

O escintilar das lapas na lareira proxectaban cores vermellas no chan nu, no xeso agretado e gastado das paredes e nos mobles rotos deitados no chan.

No medio do piso a súa nai estaba deitada e durmida. Nun recuncho do cuarto o corpo murcho do seu pai parecía colgar precariamente do asento dunha cadeira.

O pícaro apurou o paso. Comezou a tremer co medo de espertar os seus pais. O peito enorme da súa nai respiraba con dificultade. Jimmie quedou fitando para ela. Tiña a cara inchada e inflamada do alcohol, as cellas amarelentas ensombrecían unhas pálpebras escuras e azuladas. O pelo crecho caíalle sobre a fronte facendo ondas. A boca adoptara as mesmas engurras de odio vingativo que se cadra, adquirira durante a pelexa. Os brazos roxos e nus, quedáranlle sobre a cabeza, en posición de cansazo, coma se fose un vilán logo dunha fartura.

O neno inclinouse sobre a nai. Tiña medo de que abrise os ollos, e o medo dentro de si era tan forte, que non podía deixar de fitar para ela e quedou teso, coma se estivese fascinado coa cara adusta da muller.

De súpeto ela abriu os ollos. O neno atopouse ollando directamente para aquela expresión que parecía que tiña o poder de tornarlle o sangue en sal. Escapoulle un ouveo perforador e caeu para atrás.

A muller remexeuse un anaco, ondeou os brazos sobre a cabeza coma se estivese nunha liorta, e volveu roncar de novo.

Jimmie arrastrouse cara atrás nas sombras e esperou. Tralo seu berro ao espertar súa nai sentira un ruído no cuarto do lado. Arrastrouse na escuridade, cos ollos desorbitados fóra da cara murcha, fixos na porta que separaba os cuartos.

Escoitouna renxer e logo sentiu o son dunha vociña.

-Jimmie! Jimmie! ‘tas aí? -murmurou.

O neno deu un chimpó. A cara esfameada e pálida da súa irmá ollaba para el dende o limiar da porta. Ela arrastrouse canda el polo chan.

O pai non se movera, pois quedara sumido no mesmo soño profundo, coma se estivese morto. A nai remexíase nun soño lixeiro, co peito asubiándolle coma se a estivesen esganando. A través da fiestra, unha lúa rubicunda ollaba por riba dos tellados escuros e ao lonxe a auga dun río escintilaba en tons pálidos.

A pequena figura da nena tremía. Tiña os trazos chuchados de tanto chorar, e os ollos brillábanlle co medo. Agarrou o brazo do pícaro coas súas manciñas trementes e os dous acubilláronse nun recuncho. Os seus ollos, como atraídos por algunha forza, fitaban para a cara da muller, pois pensaban que só tiña que espertar, para que subisen todos os demos desde o inferno.

Quedaron acochados ata que as néboas fantasmais do amencer apareceron pola fiestra, achegándose aos cristais e ollando para o corpo deitado da nai que acoraba no chan.

Capítulo IV

O bebé, Tommie, morreu. Marchou nun cadaleito branco insignificante, coa súa manciña de cera apertando unha flor que a nena, Maggie, lle roubara a un italiano.

Ela e Jimmie viviron.

As inexpertas fibras dos ollos do neno endurecéronselle xa de novo. Converteuse nun rapaz de coiro. Viviu algúns anos perigosos sen traballar. Nesa época o seu xesto de desprezo fíxoselle crónico. Estudou a natureza humana nos fondos máis baixos, e decatouse que non era peor do que el pensara que había de ser. Nunca concibiu un respecto polo mundo, porque xa comezara sen ídolos que este puidese esmagar.

Pechou a súa alma nunha coiraza o día en que entrou divertido nunha igrexa misioneira onde un home compuña os seus sermóns a base da palabra “vós”. Mentres quecían arredor dunha estufa, contáballes aos oíntes onde pensaba el que se situaban en relación

ao Señor. Moitos pecadores impacientábanse coas imaxes das profundidades da súa degradación. Estaban esperando por vales para unha sopa.

Un lector das palabras dos demos do vento podería ver os anacos dun diálogo viaxando de aquí para alá entre o exhortador e os seus oíntes.

“Vós estades condenados!” dicía o predicador. E o lector de sons podería ver a resposta de volta dos homes farrapentos: “Onde está a nosa sopa?”

Jimmie e un amigo sentaron nun banco ao fondo e comentaban temas que non lles afectaban, coa liberdade de cabaleiros ingleses. Cando lles entrou a sede e marcharon as súas mentes confundiron o orador con Cristo.

Por un momento, Jimmie afundiou en pensamentos sobre grandes altitudes onde medraba froita. O seu compañeiro dixo que se algunha vez coñecía a Deus, habíalle pedir un millón de dólares e unha botella de cervexa.

O traballo de Jimmie durante moito tempo foi o de estar de pé nas esquinas das rúas e ver pasar o mundo, elaborando soños de quenturas ao pasarlle mulleres bonitas por diante. Ameazaba a humanidade desde os cruces de rúas.

Nas esquinas, el estaba na vida e era da vida. O mundo daba voltas e el estaba alí para observalo.

Mantiña unha actitude belixerante contra todos os homes ben vestidos. Para el, unha vestimenta elegante era unha aliada da debilidade, e todos os abrigos bos cubrían corazóns febles. El e os seus eran reis, ata certo punto, sobre os homes de roupa impoluta, porque os últimos, se cadra, tiñan terror a que os matasen ou a que risen deles. Por riba de todas as cousas desprezaba os que eran cristiáns evidentes e os xanciños co crisantemo da aristocracia no furado da lapela. Considerábase por riba de todas estas clases. Non lle tiña medo nin ao demo nin ao heroe da sociedade.

Cando tiña un peso no peto a súa satisfacción coa existencia era a cousa máis marabillosa do mundo. Así que, finalmente, viuse obrigado a traballar. O pai morrera e a nai dividía o tempo en períodos de trinta días.

Fíxose cocheiro. Puxérono ao cargo dun par de dilixentes cabalos e un coche grande que trenqueleaba. El introducírase no rebumbio e boureo das rúas do centro e aprendeu a murmurar insultos desafiantes á policía que, de cando en vez, adoitaba a subir ao coche, arrastralo do asento e mallar nel.

Na parte mais sórdida da cidade enleábase a diario en refregas espantosas. Se lle cadraba estar a el e os seus na retagarda, adoptaba unha actitude de calma, cruzando as pernas e rompendo a berrar cando os camiñantes se mergullaban perigosamente baixo o fociño dos seus impacientes cabalos. Fumaba na súa cachimba con calma porque sabía que a súa paga estaba en camiño.

Se pola contra estaba á fronte e no medio do caos, entraba con violencia na liorta que se libraba de aquí para alá entre os cocheiros nos seus altos asentos, e ás veces ouveaba xuramentos e acababan por arrestalo violentamente.

Co tempo o seu sorriso de desprezo fíxose tan notable que se reflectía brillante sobre todas as cousas. El virou tan amargo que xa non cría en nada. Para el a policía actuaba sempre por impulsos malvados e o resto do mundo estaba composto, na maior parte, de criaturas desprezables que tentaban todas elas beneficiarse del e coas que, na súa defensa, víase obrigado a pelexar en todas as ocasións posibles. El mesmo ocupaba unha posición oprimida que tiña un elemento de grandeza íntimo pero distintivo, polo seu illamento.

Os casos de imbecilidade máis obvios dábanse, na súa opinión, en abondosa cantidade nos pescantes de todos os coches. Ao principio, a súa lingua discutía con estes personaxes, pero finalmente sentíase superior. Acabou pechado como unha vaca africana. Nel medrou un desprezo maxestoso por todas esas ringleiras de coches que o seguían como dedicados escaravellos.

Cando comezaba unha viaxe longa adquiriu o costume de fitar para un obxecto alto e afastado, ordenarlle aos cabalos que comezasen e logo entrar nunha especie de transo de observación. Milleiros de cocheiros podían ouvear atrás del e os pasaxeiros podían

cargalo de oprobio, que non había de espertar ata que algún policía de azul se puxese vermello e comezase a turrarlle das bridas e bater no suave fociño dos seus formais cabalos.

Cando se paraba a estudar a actitude da policía cara a el e os seus compañeiros, cría que eles eran os únicos homes na cidade que non tiñan dereitos. Mentres conducía polas rúas, sentía que a policía o cría culpable de calquera cousa que puidese ocorrer nas rúas e era presa común de todos os oficiais enérxicos. Para vingarse, decidiu non apartarse do camiño de nada, ata que algunha circunstancia extraordinaria, ou un home moito mais grande ca el, o forzasen a facelo.

Os camiñantes eran só moscas molestas que non mostraban querenza polas súas propias pernas nin polo oficio do condutor. Non podía concibir os desexos homicidas que tiñan por cruzar as rúas. Esta súa loucura deixáboo constantemente pasmado con eterno asombro. El non deixaba de correr desbocado cara a eles desde o seu trono. Sentaba arriba e berráballes denunciando os seus frenéticos saltos, caídas, chuzadas e pisadas.

Cando empurraban ou esquivaban os fociños dos seus impacientes cabalos, facéndolles ondear a cabeza e mover as patas, rompendo un repouso sólido e somnolento, el berráballes aos homes tratándoos de idiotas, xa que estaba convencido de que a Providencia mesma dispuxera que estivese escrito que el e os seus tiñan o dereito inalienable de correr polo mesmo camiño co carro do sol, e se lles petaba, obstruírle o paso ou mesmo sacarlle unha roda.

E se callar, de o auriga divino ter o desexo incontrolable de ir máis devagar, sacar os puños da cor das lapas e loitar coma os homes polo dereito de paso, había atopar a oposición dun mortal co cello engurrado que posuía un par de duros cotenos.

É posible, se cadra, que este home puidese facerlle burla mesmo ata a un barco que se achegase voando nunha calella estreita. Porén, tíñalle respecto aos coches de bombeiros. Cando un destes se dirixía cara a el, o rapaz había de guiar temeroso contra unha beiravía, ameazando con aniquilar centos de camiñantes. Cando un coche de bombeiros batía contra un grupo de coches que obstaculizaban o camiño, esnaquizándoos en anacos, como unha puñada esmaga unha torta de crema, podía verse a Jimmie e os seus a salvo e en alto, coas catro rodas na beiravía. A temerosa chegada do coche de bombeiros podía desenguedellar o máis complexo enxameo de coches pesados, contra o que a policía levaba berrando blasfemias máis de media hora.

No seu corazón, o coche de bombeiros era unha cousa asombrosa que amaba coa devoción distante dun can. Díciase que podían envorcar coches. Eses cabalos que saltaban, esmucicando contras as lastras cando corrían, eran criaturas que había que admirar inefablemente. O resón da súa serea perforáballe o corazón coma o ruído dunha guerra na memoria.

Comezaron a arrestar a Jimmie cando aínda era pequeno. Antes de chegar a ser un home, xa tiña un bo historial.

Tamén desenvolveu o costume cotián de baixar do coche e pelexar con outros condutores. Metérase en moitas loitas variadas, e nalgunhas liortas importantes nas tabernas nas que interviñera a policía. Unha vez arrestárono por asaltar un chinés. Dúas mulleres en partes diferentes da cidade e totalmente descoñecidas entre elas causáranlle un enfado considerable ao romper a queixárselle de forma simultánea e a intervalos fatídicos, de matrimonios e axudas e nenos.

Porén, nunha certa tardiña iluminada polas estrelas, chegara a murmurar para si mesmo con asombro e certo respecto: “Esta lúa está increíble, non si?”

Capítulo V

A rapaza, Maggie, floreara nunha focha de lama. Ao medrar convertérase nun froito extremadamente estraño e marabilloso nun bloque de pisos, convertérase nunha moza bonita.

Parecía que non levaba nas veas nin un anaco do lixo de Rum Alley. Os filósofos dos pisos de arriba e abaixo das escaleiras non o acababan de entender.

Mentres era nena e xogaba e pelexaba cos cativos na rúa, a coitra ocultáraa. Vestida con farrapos cotrentos pasara desapercibida.

Porén, chegou un momento en que os homes novos da veciñanza empezaron a dicir:

-Esa rapaza dos Johnson está moi ben.

Nesta época o seu irmán advertiulle:

-Mag, só che digo isto! Oes? Ou vas p' o inferno ou a traballar.

Polo tanto, púxose a traballar, dada a súa aversión feminina cara ao inferno.

Por casualidade, conseguira un traballo nun establecemento onde facían colos e puños. Déronlle un tallo e unha máquina nun cuarto onde tamén sentaban vinte rapazas que mostraban distintas tonalidades de desilusión amarelenta. Ela sentaba no tallo e traballaba coa súa máquina todo o día, producindo colos, cuxa marca era coñecida porque non tiña que ver con nada relacionado cos colos. Pola noite volvía a casa coa súa nai.

Jimmie medrara o suficiente como para asumir o incerto cargo de cabeza de familia. Como titular do posto, arrastrábase polas noites escaleiras arriba, como fixera o seu pai antes ca el. Daba voltas polo cuarto, blasfemando contra os seus familiares ou deitábase a durmir no piso.

A nai acadara gradualmente o grao de fama que xa lle permitía debater cos coñecidos entre o corpo de policía do xulgado. Os oficias do tribunal chamábana polo nome de pía. Cando aparecía seguían coa causa que levaban meses debatendo. De forma invariable sorrían e dicíanlle en voz alta: “Ola, Mary, outra vez por aquí?” O seu cabelo cano ondeaba por máis dun tribunal. Ela sempre enchía o banco dos acusados con longas escusas, explicacións, desculpas e peticións. O seu rostro ardente cos ollos desorbitados eran algo así coma unha visión familiar na illa. Ela medía o tempo en función das súas cheas e andaba eternamente inflada e desamañada.

Un día entrou en escena Pete, o mozo que cando rapaz batéralle ao cativo de Devil's Row na caluga e fixera que emigrasen os contrincantes do seu amigo Jimmie. Atopara a Jimmie un día na rúa, prometéralle levalo a un combate de boxeo en Williamsburg, e fora buscalo pola tarde.

Maggie observaba a Pete.

Estaba sentado á mesa na casa dos Johnson e balanceaba as pernas envolvidas nun pantalón de cadros cunha atractiva despreocupación. O pelo crecho caíalle sobre a fronte nun floco encerado. O nariz algo puntiagudo parecía querer separarse do tacto dun bigote crecho de peliños curtos e tesos coma arames. O seu abrigo azul de grandes lapelas cruzadas rematado nunha fita negra trenzada, abrochado ata enmarcar unha gravata vermella e avultada, e os seus zapatos de coiro acharoadado parecían armas dun asasino.

Os seus xestos dábanlle o aire dun home cun sólido sentimento de superioridade como individuo. A súa ollada contiña bravura e desprezo polo medio que o rodeaba. Ondeaba as mans coma un home de mundo que renega de relixións e filosofías, e que pode dicir: “Parvadas”. Estaba claro que xa o vira todo e con cada xesto dos seus beizos deixaba ver que para el todo aquilo non valía un peso. Maggie pensaba que era un camareiro moi elegante e cheo de graza.

El contáballe historias a Jimmie.

Maggie ollaba para el furtivamente, cos ollos medio pechados, acesos cun incerto interese.

-Meu deus, é que me teñen farto -dicía-. Case tódolos días entra algún granxeiro ‘pa gobernar na casa, sabes? Pero eu mándoos ‘pa fóra de vez! Mándoos p’a rúa antes de que saiban onde ‘ta! Oíches?

-Madía leva! -dicía Jimmie.

-O outro día venche un tipo ca idea de mandar no bar! Ai deus, que viña mandar no sitio! Vin que xa ía cheo e non lle ía servir na’ máis, así que lle soltín “Vaite d’aquí e

non montes barullo”, díxenlo así, non sabes? “Saca d’aquí e non montes barullo”, así llo dixen. “Vaite d’aquí”, díxenlle, oíches?

Jimmie asentía con atención. Os seus xestos mostraban que devecía por proclamar ata onde chegaría o seu valor nunha situación similar, pero o narrador seguiu.

-E o tipo di: “Ai, carallo, non ‘tou buscando pelexa”, dixo, non sabes?, “pero”, dixo, “sonche un cidadán respectable e quero unha taza, e que sexa rapidiño”, oíches? “O carallo”, díxenlle, dixen tal!, “O carallo”, díxenlle, oíches? “Non me montes barullo”, díxenlle, ai, non. Entón o tipo non vai e se me pon farruco e me solta que é rápido coma o vento cos puños, oíches? E que quería unha taza e que lla servira rápido, aí, dixo así, oíches?

-Madía leva! -repetía Jimmie.

Pete continuou:

-Entón saín da barra dun chimpó e mallei ben no tipo, oíches? Si tal! En todo o fociño! Non sabes? Mima, logo o tipo vai e guindou a cuspideira contra a fiestra de diante. Oíches, pensei que me daba algo. Pero logo o xefe entrou despois e dixo, “Pete, fíxeches o que tiñas que facer! Tes que manter a orde, ‘ta ben”, oíches? “ ‘Ta ben”, dime. Si, ho, dixo tal.

Logo os dous mantiveron unha discusión técnica.

-Ese tipo era todo fachenda -dixo Pete finalmente-. Pero non tiña que ter montado barullo. Iso é o que lles digo, “Non me veñades aquí a montar barullo”. Dígolles así. “Non me montedes barullo”. Oíches?

Mentres Jimmie e o seu amigo intercambiaban contos que describían o seu valor respectivamente. Maggie recostouse e escondeuse entre as sombras. Os seus ollos vagaban marabillados e algo nostáxicos polo rostro de Pete. De súpeto decatouse dos mobles rotos, as paredes sombrizas, a desorde xeral e a cotra da casa, e todo isto empezou a molestarlle. Parecíalle que a personalidade aristocrática de Pete podería mancharse. Ela ollaba para el con interese, ás agochadas, preguntándose se el sentiría noxo. Pero Pete parecía estar absorto nas súas historias.

-Meu deus -dixo-. Eses tipos non poden comigo, ben saben que podo limpar a beirarrúa coa cara de calquera dos tres.

Cando dicía “Que carallo!”, a súa voz soaba cargada de desdén polo inevitable e de desprezo polo que o destino había de obrigarlle a soportar.

Maggie decatouse de que aquí estaba o seu ideal de cabaleiro. Os seus vagos pensamentos sempre andaban na busca de terras afastadas onde, en palabras do Señor, os outeiros cantan xuntos na mañá. Baixo as árbores dos seus xardíns soñados sempre camiñara un amante.

Capítulo VI

Pete fíxose en Maggie.

-Ei, Mag. Vaia corpo que tes, quita o sentido -dixo con ton explicativo e cun sorriso afable. Ao ver que ela atendía con atención, púxose aínda máis elocuente nas descrições de distintos acontecementos no seu traballo. Parecía que nas pelexas era invencible.

-É que -dixo, referíndose a un home co que tivera un malentendido-, ese tipo, pelexaba coma un latino do carallo. Si, ho. Éravos presa fácil, si ho. Ai, el pensaba que era un tipo duro! Pero xa lle ensinei que non era tal! Ai si, ho!

Camiñaba adiante e atrás no cuarto pequeno, que parecía facerse aínda máis pequeno e menos axeitado para conter a súa dignidade, atributo dun guerreiro superior. Aquel abaneo de ombros que xa fixera conxelarse ao máis feble cando só era un rapaz, ao medrar e aprender fixérase aínda máis evidente nunha escala de dez a un. Ao combinalo co aire despectivo da súa boca, dicíalle á humanidade que non había nada no espazo que puidese asustalo. Maggie marabillábase ante el asignoulle unha aura de grandiosidade.

Tentou calcular aproximadamente a altura do cumio desde o que neses momentos el debía ollar para ela.

-O outro día topei un tipo na cidade -dixo-, eu ía ver un amigo. Cando ‘taba cruzando a rúa o tipo vai e corre cara a min e logo dá a volta e di, “ei ti, maldito botaporela”, dixo, aí, ho, “meu deus”, dixen eu “meu deus, váiteme por aí e saca do medio”, iso dixen, non sabes? “Vai d’ái e saca do medio”, así llo dixen. Logo o tipo toleou. Dixo que eu era un completo lerchán, ou algo así, e dixo que eu ‘taba condenado á perdición eterna, e todo iso. Eu dixen, “vaites!”, dixen, “vaites! Pola cona vou ir!”, dixen, “Pola cona!”, así llo dixen. E logo deille unha malleira, viches?

Con Jimmie á súa beira, Pete marchou envolvido nunha nube de gloria da casa dos Johnson. Maggie, pousada na fiestra, observábao mentres camiñaba rúa abaixo.

Alí marchaba un home extraordinario que desprezaba a forza dun mundo cheo de puños. Un home que desprezaba o poder envolvido en uniformes, un home cuxos puños poderían resoar desafiante contra a dureza da lei. Era un cabaleiro na súa armadura.

Os dous homes cruzaron por baixo da luz que proxectaba a lámpada escintilante na rúa e seguiron cara ás sombras.

Maggie deu a volta e quedou fitando para as paredes sombrizas e poeirentas e os escasos mobles nus do seu fogar. Nese momento, un reloxo nunha caixa rectangular de madeira vernizada esfarelada e estragada pareceulle unha abominación. Decatouse de que facía un tictac áspero. As flores case esvaecidas do debuxo da alfombra, fixéronselle de súpeto espantosas. Agora semellábanlle patéticos algúns intentos vagos que fixera por renovar a aparencia dunha lúgubre cortina cunha fita azul.

Preguntábase como sería a mesa sobre a que Peter almorzaba.

Pensou na fabrica de colos e puños. Empezou a parecerlle un lugar apagado onde non acababa o traballo. O oficio elegante de Pete facíalle entrar en contacto, sen dúbida, con xente de cartos e boa educación. Era posible que coñecese moitas rapazas guapas. Debía ter moitos cartos para gastar.

Para ela, a terra estaba composta de dificultades e insultos. De forma instantánea sentira admiración por un home que desafiaba ese mundo abertamente. Pensaba que se o escuro anxo da morte acabase co corazón daquel home, el había de encoller os ombros e dicir: “Ah, todo pasa”.

Ela confiaba en que volviera pronto, así que gastou parte da paga da semana na compra de cretona para un lambrequín. Fíxoo con infinito coidado e pendurouno da cambota que estaba lixeiramente inclinada, por riba da lareira, na cociña. Estudouno con extrema ansiedade desde distintos lugares do cuarto. Quería que quedase ben para o domingo pola noite cando, se cadra, o amigo de Jimmie había de vir. Porén, o domingo pola noite Pete non apareceu.

Daquela, a rapaza comezou a sentir unha certa humillación cada vez que ollaba para el, estaba convencida de que Pete estaba por riba da admiración polos lambrequíns.

Unhas tardes despois, Pete chegou mostrando fascinantes novidades na vestimenta. Como xa o vira dúas veces e cada vez vestindo traxes distintos, Maggie tiña a vaga sensación de que o seu armario debía ser prodixiosamente amplo.

-Ei, Mag -díxolle-. Pon o teu mellor vestido pa’ venres á noite, que te levo ao teatro, oíches?

Pasou un anaco exhibindo as súas prendas e logo esvaeceu, sen lle ter botado nin unha ollada ao lambrequín.

Mentres traballaba nos eternos colos e puños na fábrica, Maggie pasou a maior parte dos tres días facendo bocexos no maxín de como sería a contorna de Pete. Imaxinaba media ducia de mulleres namoradas del e pensaba que se cadra el inclinábase perigosamente por algunha delas, unha muller indefinida que ela imaxinaba de aspecto arrebatador, pero cunha personalidade totalmente desprezable.

Pensaba que debía vivir nunha nube de praceres. Tiña amigos e xente que lle tiña medo.

Vía o esplendor dourado do lugar onde Pete había de levala. Un espectáculo de moitas cores e melodías onde temía parecer pálida e pequena.

A súa nai pasara toda a mañá do venres bebendo güisqui. Coa cara brillante e o pelo desamañado dedicouse a xurar e esnaquizar os mobles toda a tarde do venres. Cando Maggie volveu a casa ás seis e media a súa nai durmía deitada entre unha desfeita de cadeiras e unha mesa. Polo chan quedaran espaxados anacos de utensilios do fogar. Ela tamén venteara parte da súa furia alcohólica co lambrequín. Estaba acochado entre unha morea de cacharros nun recuncho.

-Ei -refungou, sentándose de súpeto-, onde carallo estabas? Por que conas non chegas antes? Estiveches a andar polas rúas. Vas acabar como unha pendanga calquera.

Cando Pete chegou, Maggie, cun vestido negro e esluído, esperábo no medio dos restos dunha desfeita espaxados polo piso. Unha man pesada arrincara a cortina da ventá e deixárala pendurando dunha chatola, ondeando adiante e atrás na corrente que se filtraba polas fendas do marco da ventá. Os nós de fitas azuis parecían flores estragadas. O lume da lareira desaparecera. As tapas fóra do seu sitio e as portas abertas, mostraban montes de cinsas grises e apagadas. Nun recuncho quedaran uns horribles restos de comida que semellaban un cacho de carne. A nai de Maggie, con aspecto colorado e escarranchada no chan, blasfemou e dedicoulle á súa filla un nome de pouca honra.

Capítulo VII

Nun escenario elevado próximo ao centro dun gran salón de cores verdes, unha orquestra formada por mulleres vestidas de seda amarela e homes calvos tocaba un coñecido valse. O lugar estaba ategado de xente agrupada en mesiñas pequenas. Un batallón de camareiros esvaraba entre a multitude, carrexando bandexas de vasos de cervexa e sacando cambio das caixas inesgotables dos petos dos pantalóns.

Nenos pequenos, vestidos coma se fosen chefs franceses subían arriba e abaixo dos corredores improvisados vendendo pasteliños decorados. Había un murmurio rouco de conversas e un tenue tintinar de vasos. As nubes de tabaco daban voltas e revoaban no aire ata chegar no alto ao dourado apagado das arañas.

A multitude en xeral tiña o aire de quen xusto acaba a xornada de traballo. Os homes, de mans calosas e vestidos con prendas que mostraban o desgaste dunha loita sen fin por conseguir o pan, fumaban nas súas cachimbas con satisfacción e pagaban cinco, dez ou se cadra quince céntimos pola cervexa. Había unha mínima presenza de homes con luvas de coiro fino fumando cigarros que mercaran nalgures. O conxunto da multitude estaba composto principalmente por xente que deixaba ver que traballaba todo o día coas mans. Había alemáns tranquilos, acompañados tal vez polas súas esposas e dous ou tres nenos, sentados escoitando a música, coa expresión compracida dunha vaca contenta. Un grupo casual de mariñeiros dun buque de guerra que mostraban nos seus rostros unha sólida natureza, pasaban as horas temperás da tardiña nas pequenas mesas redondas. Uns poucos homes algo enchispados, enchidos co aire irrefutable das súas opinións, enredaban os seus acompañantes en conversas sinceras e secretas. Na balconada e aquí e alí no piso de abaixo, brillaban as caras impasibles de mulleres. As nacionalidades daquel barrio do Bowery reflectíanse no escenario desde todas as direccións.

Pete camiñou ás alcandadas por un corredor dun dos lados e sentou con Maggie nunha mesa baixo a balconada.

-Dúas cervexas!

Recostouse cara atrás e mirou cunha ollada de superioridade para a escena ante eles. Esta actitude impresionou moito a Maggie. Un home que podía ollar para ese espectáculo con indiferenza debía estar afeito a grandes cousas.

Estaba claro que Pete estivera moitas veces naquel local, e coñecía ben. Ao decatarse disto, Maggie sentiuse pequena e inexperta.

El era extremadamente amable e atento. Mostraba a consideración dun cabaleiro educado que sabía o que tiña que facer.

-Ei, que carallo! Tráelle aquí á señorita unha boa copa! Pa' que lle vale esa cunca?

-Non te poñas farruco -díxolle o camareiro cunha certa cordialidade mentres marchaba.

-Bah, vai de aí -dixo Pete, logo do outro retirarse.

Maggie decatouse de que Pete facía alarde de toda a súa elegancia e coñecemento das formas da clase alta para beneficiála. O seu corazón emocionábase ao pensar na condescendencia que o home mostraba.

A orquestra formada por mulleres vestidas de seda amarela e homes calvos entoou uns compases dunha música anticipatoria, e unha rapaza cun vestido rosa e saias curtas subiu correndo ao escenario. Sorría ante a multitude coma se agradecese unha calorosa benvinda, e comezou a camiñar dun lado a outro, facendo xestos esaxerados e cantando, con tons descarados de soprano unha canción cuxa letra era incompreensible. Cando chegou aos tons vibrantes e rápidos da coda, uns homes achispados que estaban preto do escenario uníronselle no alegre refrán e batían cos vasos na mesa ritmicamente. A xente inclinábase cara adiante para observala e tentar entender as letras das cancións. Cando desapareceu houbo longas vagas de aplausos.

Obediente a uns novos compases anticipatorios, ela reapareceu entre os ouveos afogados dos homes enchispados. A orquestra somerxeuse entón nunha música de baile e as fitas da muller que bailaba ondeaban e voaban baixo o brillo das lámpadas de gas. Ela foi revelando o feito de estar vestida con polo menos media ducia de saias, e quedou claro que calquera delas servía para o propósito para o que están deseñadas as saias. Algún home inclinouse cara adiante, absorto nas medias rosas. Maggie quedara marabillada co esplendor do traxe e perdeuse en cálculos do custo das sedas e as fitas.

O sorriso estereotipado da bailarina virouse uns dez minutos cara á audiencia. Ao final do espectáculo mostrou uns movementos grotescos famosos daquela entre os bailaríns dos barrios de moda, proporcionándolle á audiencia do barrio do Bowery a ilusión de ser igual có público aristócrata que gozaba do teatro, pero por un custo reducido.

-Ei, Pete -dixo Maggie inclinándose cara adiante-. Isto é increíble.

-Home -dixo Pete cun xesto orgulloso.

Un ventrílocuo seguiu á bailarina. Tiña dous bonecos fantásticos no colo. Facía que cantasen cancións tristes e contasen historias de xeografía e de Irlanda.

-E eses homiños falan? -preguntou Maggie.

-Non -dixo Pete-. Éche de mentira, non ves?

Dúas rapazas, anunciadas como irmás apareceron e cantaron un dueto que se escoita ás veces en concertos celebrados baixo auspicios eclesiásticos. Elas complementárono cun baile que era claro que nunca se podería ver nos concertos celebrados baixo auspicios eclesiásticos.

Logo das rapazas que cantaban o dueto, unha muller de idade discutible cantou unha melodía de negros. A coda esixía acompañar a canción cuns movementos esaxerados que pretendían imitar un negro das plantacións, baixo a influencia, probablemente da música e da lúa. A audiencia mostroulle suficiente entusiasmo como para facer que volveuse e cantase un terrible lamento cuxos versos contaban a historia do amor dunha nai e a dun amante non correspondido e a dun home novo perdido no mar baixo terribles circunstancias. Das caras dunhas vinte persoas da audiencia esvaeceu a actitude de distancia e moitas cabezas quedaron agachadas con impaciencia e pena. Ao contar o último dos sentimentos penosos da peza, foi aclamada cun aplauso no que se recoñecía a sinceridade.

Como esforzo final, a cantante ceibou uns versos que describían unha visión de Inglaterra sendo aniquilada por América, e de Irlanda rompendo as súas obrigas. Na última liña do último verso preparara coidadosamente o clímax, cando lanzou os brazos no alto e berrou, "A bandeira das estrelas escintilantes". Ao momento, un gran ouveo xurdiu das gortexas do conxunto da xente. Sentiuse un rebumbio intenso de pés petando contra o chan. Os ollos brillaban cun lume repentino, e as mans coirentas polo traballo ondeaban frenéticas no aire.

Logo duns momentos de descanso, a orquestra tocou estrondosamente e un home gordo e pequeno apareceu no escenario. Comezou a cantar con voz rouca unha canción e a pisar fortemente diante das luces ao pé do escenario, ondeando salvaxemente un sombreiro brillante de seda e lanzando olladas pícaras ou sorrisos á multitude. Comezou a xesticular coa cara ata que acabou parecendo un demo dos que se pintan nun papaventos xaponés. A xente ría con alegría. As súas pernas, pequenas e gordas, non paraban nunca. El berraba e ruxía e facía reverencias coa súa brillante perruca vermella ata que a xente empezou a aplaudirle estrondosamente.

Pete non lle prestaba moita atención ao devalar dos eventos sobre o escenario. El bebía cervexa e ollaba para Maggie.

Ela tiña as meixelas roxas da emoción e brillábanlle os ollos. Respiraba fortemente coa emoción, e non se lle acordou a atmosfera na fabrica de colos e puños.

Cando a orquestra finalmente rematou, eles apuraron o paso cara á beirarrúa coa multitude. Pete colleu a Maggie polo brazo e foille abrindo o camiño, ofrecéndose a pelexar cun home ou dous.

Chegaron á casa de Maggie cando xa era tarde e quedaron un anaco fronte ao tétrico portal.

-Ei, Mag -dixo Pete-. E non me vas dar un bico por levarte ao espectáculo?

Maggie riu coma se quedara abraiada e afastouse del.

-Non, Pete -dixo-. Iso non che estaba no programa.

-Ei, que carallo? -insistiu Pete.

A rapaza recuou nerviosa.

-Ei, que carallo! -repetiu el.

Maggie correu á entrada e polas escaleiras arriba. Deu a volta e sorriulle, logo desapareceu.

Pete camiñou devagar pola rúa abaixo. O seu rostro mostraba unha especie de expresión de asombro. Quedou parado baixo unha lámpada e respirou un alento suave de sorpresa.

-Carallo -dixo-. Non sei se me tomaría por parvo...

Capítulo VIII

Mentres a Maggie lle viñan á cabeza pensamentos sobre Pete, comezou a sentir unha profunda aversión polos seus vestidos.

-Que conas tes? Que tes que tes que 'tar sempre apampando e refungando? Meu deus -ruxíalle a nai con frecuencia.

Comezou a decatarse con maior interese das mulleres ben vestidas que atopaba nas avenidas. Envexaba a súa elegancia e as súas mans suaves. Devecía por eses adobíos que vía todos os días na xente da rúa, e que consideraba como aliados de gran importancia para as mulleres.

Estudando as caras, pensaba que moitas das mulleres e rapazas que atopaba por casualidade, sorrían con serenidade, coma se fosen sempre apreciadas e coidadas polos que elas amaban.

O aire no establecemento de colos e puños esganábaa. Sabía que estaba murchando gradualmente e sen remedio no cuarto quente e viciado. As ventás luxadas vibraban incesantemente polo paso dos trens elevados. A estancia estaba chea dun remuíño de rúidos e cheirumes.

Ela pensaba, mentres observaba algunhas das mulleres de pelo cano no cuarto, que non eran máis que máquinas mecánicas que cosían costuras mentres debullaban, coa cabeza baixa sobre o traballo, contos reais ou imaxinarios de infancia felices, de borracheiras, do bebé na casa e de soldos sen pagar. Ela preguntábase canto lle había durar a ela a súa xuventude. Comezou a apreciar a cor encarnada das súas fazulas.

Imaxinábase nun futuro terrible como unha muller esquelética queixándose eternamente. Ademais, pensaba que Pete debía ser unha persoa moi esixente no que tiña a ver co aspecto das mulleres.

Sentía que lle encantaría ver alguén turrarlle da barba graxenta ao gordo estranxeiro que posuía o establecemento. Era un ser desprezable. Levaba calcetíns brancos cos zapatos baixos.

Estaba todo o día sentado soltando oracións no fondo dunha cadeira con coxíns. A súa carteira impedíalles contestarlle.

-Pa' que carrallo pensades que vos pago sinco dólares á semana? Pa' xogar? Ai, de ningunha maneira.

Maggie desexaba ter unha amiga a quen puidese falarlle de Pete. Gustaríalle debater sobre a súa educación admirable cunha amiga mutua na que puidese confiar. Na casa atopaba a súa nai moitas veces borracha e desvariando.

Parecía que o mundo tratara horriblemente a esta muller e ela vingábase con toda a súa forza contra calquera anaco deste que le caera nas mans. Escachaba os mobles coma se por fin estivese a obter os seus dereitos.

Inchábase de virtuosa indignación mentres carrexaba os utensilios da casa máis lixeiros un por un, baixo das sombras do símbolo das tres esferas douradas que indicaba a presenza dunha tenda de empeños, onde os xudeus encadeábanos con cadeas de intereses.

Jimmie aparecía cando se vía obrigado por circunstancias sobre as que non tiña control. As súas pernas ben adestradas levábano acaneando e metíano na cama algunhas noites cando el tería preferido ir a calquera outro sitio.

A Maggie aparecíaselle o altivo Pete coma un elevado sol de ouro. Levouna a unha feira onde quedou abraiada coas fileiras dos submisos seres abominables. Ela contemplaba as súas deformidades con admiración e pensaba que eran unha especie de tribo específica.

Pete, estrullando os miolos para buscar actividades divertidas, descubriulle o zoo de Central Park e o Museo de Arte. Nas tardes de domingo era posible atopalos nestes lugares. Pete non parecía especialmente interesado no que vía. Andaba dando voltas con respecto de aburrimiento, mentres Maggie ría de alegría.

Unha vez no zoo el quedara sumido nun estado de admiración ante o espectáculo dun mono moi pequeno que ameazaba a unha gaiola chea deles porque un tiráralle do rabo e el non se puidera virar todo o rápido que debiera para saber quen fora. Nas seguintes visitas Pete recoñecía ese mono e chiscáballe un ollo, tentando animalo a loitar con outros monos máis grandes ca el.

No museo Maggie dixera:

-Isto é increíble.

-Ai, ho -dixo Pete-, espera ata o verán que vén que te leve de pícnic.

Mentres a rapaza vagaba polas salas abovedadas, Pete dedicábase a devolverlles a ollada pétrea de terrorífico escrutinio aos cans gardiáns dos tesouros. De cando en vez, dicía en voz alta "Ese meco ten ollos de vidro", ou expresións semellantes. Cando se fartaba deste pasatempo, ía canda as momias e daba leccións de moral.

Xeralmente el aceptaba con silenciosa dignidade todo o que tiña que aturar, pero ás veces, víase empurrado a facer comentarios.

-Que carallo! -preguntou unha vez-. Mira pa' todas estas xerriñas! Cen por liña! Dez nunha vitrina, e unhas mil vitrinas! Pa' que carallo vale isto?

Polas tardes, durante a semana, el levábaa a ver obras nas que unha rechamante heroína era rescatada polo heroe con fermosos sentimentos do fogar cortesán do seu gardián, que cruelmente a custodiaba só polo seu enxoval. O primeiro pasaba a maior parte do tempo enchoupado entre trebóns de neve de tons verde pálido, ocupado no manexo dun revolver bañado de níquel, rescatando anciáns descoñecidos dos viláns.

Maggie perdíase na paixón polos camiñantes nas tormentas de neve que camiñaban por baixo das vidreiras de cores bonitas das igrexas, mentres dentro dos templos un coro cantaba panxoliñas alegres. Para Maggie e o resto da audiencia isto era un realismo transcendental. A alegría dentro, e eles, como o actor, inevitablemente fóra. Ao velo, eles abrazábanse a si mesmos nunha pena extática pola súa condición, real ou imaxinada.

A rapaza pensaba que a arrogancia e a calidade pétrea do corazón do magnate da obra estaban moi ben descritas. Ela repetía os insultos que lle chovían a este personaxe desde os asentos do galiñeiro cando o guión lle obrigaba a mostrar o seu extremo egoísmo.

Algunhas persoas entre o público nas sombras enfadábanse coa descrición da vileza do drama. Con fervor incansable apupaban a baixeza e aplaudían a virtude. De forma sistemática, as persoas malvadas mostraban sincera admiración pola virtude.

O estrondoso galiñeiro posicionábase abrumadoramente na banda dos desafortunados e os oprimidos. Animaban con berros o heroe que loitaba, e apupaban o vilán, rindo e facendo burla das súas patillas. Cando alguén morría nas treboadas de cor verde pálida, o galiñeiro saloucaba. Eles buscaban o sufrimento pintado e abrazábano coma se fose o propio.

Na marcha errática do heroe desde a pobreza no primeiro acto, á riqueza e triunfo do final, onde perdoa todos os inimigos que deixou atrás, era axudado polo galiñeiro, que aplaudía os seus sentimentos xenerosos e nobres e estragaba os discursos dos seus opoñentes facendo comentarios irrelevantes pero moi agudos. Eses actores aos que lle tocaba a mala sorte de interpretar os papeis de viláns, víanse confrontados todo o tempo polo galiñeiro. Se un deles interpretaba liñas que describían, aínda que fose unha sutil distinción entre o ben e o mal, o galiñeiro decatábase inmediatamente se o actor tiña malas intencións e denunciábano en consecuencia.

O último acto era un triunfo para o heroe, un pobre que pertencía ao pobo, a representación da audiencia, sobre o vilán e o rico, cos seus petos cheos de tesouros e o corazón cheo de propósitos tiranos, imperturbable ante o sufrimento.

Maggie sempre saía contenta dos lugares onde se representaba o melodrama. Ela gozaba pola forma en que os pobres e virtuosos impúñanse ao final sobre os ricos e perversos. O teatro facíalle pensar. Preguntábase se a cultura e educación que acababa de ver imitar, se cadra de forma esaxerada, pola heroína no escenario, podería adquirilas unha rapaza que vivía nun bloque de pisos e traballaba nunha fábrica de camisas.

Capítulo IX

Na porta dunha taberna había un grupo de cativos expectantes. A expectación brilláballes nos ollos. Fregaban os dedos coa emoción.

-Aí a vén -berrou un deles de súpeto.

O grupo de nenos dividiuse ao instante en dous e as partes resultantes colocáronse formando un amplo e claro semicírculo arredor do lugar de interese. A porta do local abriuse cun golpe e a figura dunha muller apareceu baixo o limiar. O pelo cano caíalle en nós arremuiñado sobre os ombros. Tiña a cara morada e mollada por conta dunha respiración dificultosa. Os seus ollos brillaban e parecía que lle daban voltas.

-Non m'habedes de roubar nin unha perra máis, nin unha perra. Tres anos facendo gasto aquí e me vindes con que non me servides máis! Ao carallo, Johnnie Murckre! Que molestar nin que molestar! O carallo, Johnnie...

A porta recibiu unha patada de exasperación desde o interior do local e a muller saíu pesadamente cara á beirarrúa.

Os pícaros no semicírculo puxéronse cada vez máis nerviosos. Comezaron a bailar e ouvear e berrar e a mofarse. Nas súas caras debuxábanse amplos e sucios sorrisos burlóns.

A muller tentou correr furiosa contra uns nenos especialmente escandalosos. Eles romperon a rir encantados e corricaron afastándose dela unha pequena distancia, mentres lle berraban por riba do ombro. Ela quedou abaneando na beirarrúa, voceando.

-Nenos do carallo -ouveou, ondeando os puños vermellos. Os nenos chiaban divertidos. Cando empezou a camiñar rúa arriba, eles seguiron e camiñaban con moito barullo. De cando en vez ela daba a volta e volvía botar insultos contra eles. Eles corrían habilmente ata estar fora do seu alcance e burlábanse dela.

Ela parou un momento nun portal lúgubre para insultalos. O pelo desamañado dáballo ao rostro morado un aspecto de loucura. Os seus enormes puños tremían mentres os ondeaba violentamente no aire.

Os nenos seguiron facendo un barullo estrondoso ata que ela deu a volta e desapareceu. Logo volveron tranquilamente en fila polo camiño polo que chegaran ata alí.

A muller entrou cambaleando no vestíbulo do bloque de pisos e finalmente subiu as escaleiras con dificultade. Nun vestíbulo dun piso de arriba había unha porta aberta e unha serie de cabezas apareceron curiosas, ollando para ela. A muller enfrontouse á porta cun bramido de ira, pero esta pechóuselle rapidamente na cara e pasáronlle o ferro.

Quedou alí un tempo, retando con frenesí as madeiras da porta.

-Sae ao corredor, Mary Murphy, cago en ti, se queres pelexa, sae, veña, cadela vella, veña.

Entón comezou a darlle patadas á porta cos seus pés grandes. Chiaba e retaba o universo a que pelexase con ela. Os seus delirios e xuramentos fixeron aparecer cabezas tras todas as portas, menos trala que ela estaba ameazando. Os seus ollos brillaban en toda as direccións. O aire encheuse dos seus puños ondeantes.

-Veña, todos vós, veña -ruxíalle aos espectadores. Como resposta recibiu un ou dous insultos, asubíos, burlas e algún consello rexoubeiro. Algúns proxectís estrelábanse aos seus pés.

-Pero que ostias lle pasa -dixo unha voz na escuridade habitada, e apareceu Jimmie. Levaba unha friameira de lata na man e o abrigo de cocheiro envurullado baixo o brazo. Que ostias pasa? -preguntou.

-Saíde, todos, saíde -ouveaba a súa nai-. Saíde que vos esmago os miolos a patadas!

-Cale a boca e vaia pa'casa, vella chocha -ouveou Jimmie cara a ela. Ela alancou canda el e revirou os dedos contra a súa cara. Os seus ollos eran lapas de rabia desbocada e a súa figura tremía co impulso da pelexa.

-Vai ao carallo! E ti quen carallo es? Tanto me ten o que me digas -berroulle. Virou as súas enormes costas con gran desprezo e subiu as escaleiras ata o piso de arriba.

Jimmie seguíuna, botando insultos. No alto da escaleira colleu á súa nai polo brazo e comezou a arrastrala cara á porta do seu cuarto.

-Veña, p'aquí, ho -diciu, cos dentes apertados.

-Sácame as mans de enriba! Saca a man de enriba! -chiaba a súa nai.

Ela levantou a man e arremuiñou o seu gran puño contra a cara do fillo. Jimmie esquivouno coa cabeza e o golpe deulle na caluga. "A cona que a fixo!" dixo entre dentes de novo. El levantou a man esquerda e retorceu os dedos no antebrazo dela. A nai e o fillo comezaron a abanear e loitar como gladiadores.

-Ala! -dixo o bloque de pisos de Rum Alley. O vestíbulo encheuse de espectadores interesados.

-Ei, vella, iso é un cabaleiro!

-Tres a un pola roxa!

-Ei, parade ese barullo do carallo!

A porta da casa dos Johnson abriuse e Maggie saíu fóra. Jimmie fixo un esforzo supremo, ceibou un xuramento e guindou coa súa nai dentro do cuarto. Seguíuna rapidamente e pechou a porta. O bloque de pisos de Rum Alley berrou decepcionado e retirouse.

A nai ergueuse devagar do chan. Os seus ollos brillaban ameazadores sobre os seus fillos.

-A ver -dixo Jimmie-, xa tivemos abondo. Sente e non faga barullo.

Colleuna do brazo, e revirándoo, forzouna a sentar nunha cadeira que renxía.

-Saca esas mans de min -ruxiu a súa nai de novo.

-Pelexo vello do carallo -berrou Jimmie toleando. Maggie chiou e correu cara o outro cuarto. Chegoulle o son de estouros e xuramentos. Houbo un gran ruído ao final e a voz de Jimmie dixo-. Aí 'tá, vella rabuda, quede aí quieta.

Maggie abriu a porta daquela e saíu con cautela:

-Ai, Jimmie.

Estaba apoiado contra a parede e botaba xuramentos. Tiña sangue nas mazaduras nos nodosos antebrazos, onde chocara contra o chan ou as paredes durante a pelexa. A nai estaba chiando deitada no chan, coas bágoas corréndolle pola cara engurrada.

Maggie, de pé no medio do cuarto, ollaba para ela. Levaran a cabo a desfeita habitual de mesas e cadeiras. A louza quedara esnaquizada por todas as partes. Esmagaran as patas da estufa, e agora quedara inclinada como unha parva cara a un lado. Alguén tirara un caldeiro e había auga por todo o chan.

A porta abriuse e apareceu Pete. Encolleu os ombros.

-Meu deus -observou. Achegouse a Maggie e díxolle ao oído-. Que máis ten, Maggie, veña e imos pasalo ben.

A nai na esquina levantou a cabeza e sacudiu os rizos enleados.

-Ao carallo con el e ti -dixo, ollando para a súa filla na escuridade. Os seus ollos parecían arder ameazantes-. Fuches ao inferno, Mag Johnson, sabes que fuches ao inferno. Es unha vergonza pa' os teus, cago en ti. E agora marcha, e segue con ese xudeu con cara de coello co que andas. Vai ao inferno con el, cago en ti, e non volvas. Vai ao inferno a ver que che parece.

Maggie quedou fitando para a súa nai.

-Vai ao inferno a ver se che gusta. Marcha. Non quero xente coma ti na miña casa! Marcha, oes! Cago en ti, marcha!

A rapaza comezou a tremer.

Nese momento, Pete achegóuselle.

-Pero que carallo, Mag, vés? -rosmoulle con suavidade na orella-. Todo isto xa lle pasará. Non ves? A vella ha estar ben pola mañá. Ven comigo! Imos pasalo ben!

A muller no chan xurou. Jimmie estaba concentrado nos seus antebrazos magoados. A rapaza ollou para o cuarto onde había unha lea caótica de escombros, e ficaba o corpo vermello e convulso da súa nai.

-Vai ao inferno, e que che vaia ben.

Ela marchou.

Capítulo X

Jimmie tiña a sensación de que non era moi cortés que un amigo fose á casa dun e lle arruinase a un a honra da irmá. Pero non estaba moi seguro de ata que punto Pete coñecía as regras de educación.

A noite seguinte volveu á casa do traballo bastante tarde. Ao pasar polos andares dos pisos atopouse coa muller retorcida e coirenta que tiña a caixa de música. Sorría baixo a luz tenue que se filtraba a través dos cristais poeirentos. Fíxolle un xesto cun cotrento dedo índice.

-Ai, Jimmie, vai que non sabes o que vin onte pola noite, o máis gracioso que vin nunca -berroulle, achegándose a el e sorrindo. Tremía coa impaciencia por contarlle a historia-. 'Taba eu na porta onte pola noite cando a túa irmá e ese xudeu co que anda chegaron e xa era tarde, ai, moi tarde. E ela, a pobre, choraba coma se lle fose romper o corazón, si, ho. Era o máis gracioso que vin nunca. E xusto aquí diante da miña porta, vai e lle preguntou que se a quería, oíches? E ela choraba coma se lle fose a romper o corazón, a coitada. E el vai e dille, e ben se vía pola forma en que lle contestou que a rapaza xa llo preguntara moitas veces, e el di: "Ai carallo, que si!", díxolle, "Claro que si".

O rostro de Jimmie viuse ensombrecido por nubes de tormenta, pero deulle as costas á señora coirenta e subiu pesadamente polas escaleiras.

-“Ai carallo, que si!” -berráballe ela atrás del. E ceibou unha risa que soou coma un chíó profético-. “Claro que si”, dicíalle o tipo, “claro que si”.

Non había ninguén na casa. Os cuartos mostraban que alguén tentara amañalos. Partes da desfeita do día anterior foran reparadas por unha man pouco xeitosa. Unha ou dúas cadeiras e a mesa mantiñan un equilibrio precario sobre as súas patas. O chan acababa de varrerse. Ademais puxeran as fitas azuis de volta nas cortinas e o lambrequín, cos seus enormes feixes de trigo e rosas vermellas do mesmo tamaño estaba de novo, esmagado e nun estado lamentable, no seu sitio, na cambota. A chaqueta e o sombreiro de Maggie non estaban no colgadoiro detrás da porta.

Jimmie camiñou cara á ventá e comezou a ollar á trabes do cristal opaco. Durante un instante preguntouse distraidamente se algunha das mulleres que coñecía tería irmáns.

Porén, daquela comezou a xurar de súpeto.

-Pero era o meu amigo! Eu tróuxeno aquí! Ostia puta!

Comezou a vagar polo cuarto botando fume, coa ira aumentando gradualmente ata chegar ao extremo de furia.

-Vou matar ese tipo! Iso é o que vou facer! Vou matar ese tipo!

Agarrou o sombreiro e correu cara á porta. Pero esta abriuse e a xigante figura da súa nai bloqueoulle o paso.

-Que carallo tes? -berroulle, entrando no cuarto.

Jimmie ceibou un xuramento de burla, e logo riu pesadamente.

-Pois a Maggie, que foi ao carallo! Iso! Oíu?

-O que?- dixo a súa nai

-A Maggie, que se foi ao carallo! Anda xorda? -berroulle Jimmie, con impaciencia.

-Que se había ir! -murmurou a nai, pasmada.

Jimmie griñiu e comezou a mirar pola ventá. A súa nai sentou nunha cadeira, pero un momento despois púxose de pé e ceibou un remuíño enleado de insultos. O seu fillo deu a volta para ollar para ela mentres abaneaba e daba tombos no medio do cuarto, coa súa cara irada convulsa da furia, e cos seus brazos vermellos no alto mentres xuraba.

-Que Deus a abandone pa' sempre -chiaba.- Oxalá acabe comendo os croios e o lixo da rúa. Que teña que durmir no sumidoiro e nunca vexa a luz do sol. A moi...

-A ver -dixo o seu fillo-. Acougue un pouco.

A nai levantou a ao ollada cara ó teito

-É a mesmiña filla do demo, Jimmie -dixo en ton baixo-. Ai, quen había pensar que unha filla así podía saír da nosa familia, Jimmie, meu fillo. Moitas horas che pasei con esa rapaza a dicirlle que se marchaba a andar polas rúas xa a vía polo mal camiño. E logo de como a criamos e de todo o que lle contín e as veces que falín con ela, foi polo mal camiño, como as cabras van ao monte -as bágoas caíanlle pola cara engurrada. As mans tremíanlle-. E cando a Sadie McMallister da porta do lado acabou como acabou por aquel tipo que traballaba na fábrica de xabrón, non lle dixen eu á nosa Mag que se ela...

-Ei, esa foi outra historia -interrompeuna o irmán-. Claro que Sadie era boa e todo iso... pero... non sabe... non é o mesmo que se... home, Maggie era distinta... non sabe... era distinta -tentaba formular unha teoría que sempre tivera presente dunha forma inconsciente, que todas as irmás, menos a súa, podían, con coñecemento de causa, perder a honra. E de súpeto empezou de novo-. Vou esmagar o tipo que lle fixo iso. Vouno matar! Pensa que vai escapar, pero cando o pille vai ver que 'ta equivocado, o fillo de puta. Vou limpar a rúa con el.

Nun impulso de furia saíu pola porta con forza. Mentres desaparecía, a nai ergueu a cabeza e levantou as mans, pregando.

-Que o Señor a abandone pa' sempre -berrou.

Na escuridade do vestíbulo Jimmie distinguiu un grupo de mulleres falando alegremente. Cando pasou por diante delas correndo non lle prestaron atención.

-Sempre che foi moi desvergoñada -escoitou a unha delas falar con entusiasmo-. Non vos había home que entrara na casa no que non tentase enredar. A miña Annie di que a descarada tentou roubarlle o home, o seu propio home, e iso que coñeciamos o seu pai.

-Eu xa o vía claro hai dous anos -dixo unha muller, con ton de triunfo-. Ai si, ho... foivos hai uns dous anos que lle dixen ao meu home, díxenlle, “esa rapaza dos Johnson non é boa peza”, díxenlle, “Vai d’aí”, dixo el “vai d’ai”, “ ‘Tá ben”, díxenlle “pero eu sei o que sei”, díxenlle, “senón has ver máis adiante. Espera e veras”, dixen, “verás”.

-Calquera persoa con dous dedos de fronte podía ver que había algo raro con esa rapaza, non me gustaba como se comportaba.

Na rúa Jimmie atopou un amigo.

-Que che pasa? -preguntoulle este.

Jimmie explicoulle.

-E vou mallar nel ata que non se aguante de pé.

-Pero que carallo -díxolle o amigo-. Pero pa’ que? Vas acabar nunha lea! Logo todo o mundo vai oír o conto! E vaiche custar dez pavos de multa! Carallo!

Jimmie estaba decidido.

-Pensa que vai escapar, pero cando o pille vai ver que ‘ta equivocado.

-Carallo! -queixouse o amigo- Vaia gana!

Capítulo XI

Nunha esquina, unha cristaleira na fachada dun edificio proxectaba un brillo dourado na beirarrúa. A boca aberta dunha taberna chamaba sedutora aos paseantes para que entrasen e aniquilasen a pena ou creasen rabia.

O interior estaba empapelado de tons verde oliva e bronce que imitaban o coiro. Unha barra reluciente de falsa solidez corría por un dos lados da sala. Detrás dela un aparador enorme que parecía de caoba chegaba ata o teito. Nos andeis descansaban pirámides de vasos resplandecentes que nunca se utilizaran. Os espellos que recubrían o fondo do aparador multiplicábanos. Entre os vasos había limóns, laranxas e panos de papel amañados con precisión matemática. Había decantadores de licor de moitas cores separados por idénticos espazos nos andeis máis baixos. Unha caixa rexistradora chapada en níquel ocupaba o centro exacto da escena. Todo aquilo parecía suxerir opulencia e precisión xeométrica.

Do outro lado da barra un mostrador máis pequeno contiña unha colección de pratos sobre os que había un enxame de anacos de pan, talladas de xamón cocido, anacos de queixo desordenados e encurtidos nadando en vinagre. A atmosfera da sala estaba ateigada co cheiro a bocas que mastigaban e a mans cotrentas e cobizosas.

Pete, vestido cunha chaqueta branca, estaba detrás da barra inclinado con atención cara a un descoñecido calado. “Unha cervexa” dixo o home. Pete sacou un vaso cuberto de espuma e o puxo, pingando, sobe a barra.

Nese momento, as lixeiras portas de bambú da entrada abríronse de golpe e bateron contra as paredes dos lados. Jimmie e o compañeiro entraron. Abaneaban cara á barra con pouco equilibrio pero cun aquel de agresividade e ollaban para Pete con ollos abafados e pestanexantes.

-Xenebra -dixo Jimmie.

-Xenebra -dixo o compañeiro.

Pete deslizou unha botella e dous vasos pola barra. Inclinou a cabeza a un lado mentres pulía concentradamente cun pano a madeira brillante. Tiña no rostro unha expresión de alerta.

Jimmie e o compañeiro non apartaban a ollada do camareiro e conversaban en voz alta en ton de burla.

-Éche un señorito, non é? Madía leva! -riu Jimmie.

-E non vai ser? -dixo o compañeiro, cun amplo sorriso de desprezo-. É moito. Mira pa’ cara que ten. É abondo pa’ facerlle a un dar un chimpó en soños.

O descoñecido calado apartouse un pouco co seu vaso e quedou nunha actitude de ignorancia.

-Ei, pero non está pa' comelo?

-Mira que corpo! Meu deus!

-Ei -berrou Jimmie en ton imperativo. Pete achegouse devagar, o beizo inferior caído, en xesto sombrizo.

-A ver -grñiu-. Que tedes?

-Xenebra -dixo Jimmie.

-Xenebra -dixo o compañeiro.

Cando Pete se puxo diante deles coa botella e os vasos, eles empezaron a rir diante da súa cara. O compañeiro de Jimmie, claramente embriagado pola diversión, sinalou na dirección de Pete cun cotrento dedo índice.

-Ei, Jimmie -preguntou-. Que carallo hai detrás da barra?

-Pois non che sei -respondeu Jimmie. Riron con estrondo. Pete puxo a botella na barra dun golpe e virouse cara a eles cunha cara temible. Mostrou os dentes e os ombros subían e baixaban sen parar.

-Vós non vos rides de min -dixo-. Bebede o voso e liscade e non montedes bulla.

Nese momento a risa esvaeceu das caras dos dous homes e foi substituída por expresións de dignidade ofendida.

-E quen carallo che dixo a ti nada? -berraron os dous ao tempo.

O descoñecido calado ollou para a porta con aire calculador.

-Veña -díxolles Pete aos dous homes-. Non me tomedes por idiota. Bebede e liscade e non montedes bulla.

-Ai carallo -berrou Jimmie displicentemente.

-Ai carallo -repetiu o compañeiro displicentemente.

-Marcharemos cando nos pete! Oíches? -seguiu Jimmie.

-Pois... -dixo Pete con ton de ameaza- Non montedes bulla.

Jimmie inclinouse cara adiante rapidamente coa cabeza de medio lado. Griñiu coma un animal salvaxe.

-E que pasa se montamos, eh? -dixo el.

Pola cara de Pete comezou a fluír un sangue escuro e dirixiulle unha ollada escabrosa a Jimmie.

-Pois que daquela veremos quen é mellor, ti ou eu -dixo.

O descoñecido calado desprazouse modestamente cara á porta.

Jimmie comezou a incharse co valor.

-Non me tomes por un pailán. Se me tocas o fociño, estasllo a tocar un dos homes máis valentes da vila, oíches? Eu sonche boa peza. Non si, Billie?

-Abofé! -respondeu o compañeiro con ton de convicción.

-Ai que carallo -dixo Pete relaxadamente-. Veña ide por aí.

Os dous homes comezaron a rir de novo.

-Que ostia 'ta dicindo?- berrou o compañeiro.

-Que me dean se o sei -respondeu Jimmie cun desprezo esaxerado.

Pete fixo un xesto violento.

-Marchade d'aquí e non armedes bulla, oístes? Andades buscando pelexa e carallo se a habedes atopar se non pechades o fociño. Ben vos coñezo, ho, e podo con mellores homes cós que vistes na vosa vida. Ai, ho. Non m'andar amolar con parvadas, que vos planto na rúa antes de que saibades onde estades. Se saio de detrás desta barra chímpovos aos dous na rúa. 'Tamos?

-Ai, que medo -berraron os dous homes con retranca ao coro.

A ollada dunha pantera apareceu nos ollos de Peter.

-Xa volo avisei! Oístes?

Saíu por un oco ao final da barra e achegouse aos dous homes. Eles deron un paso cara adiante e abalanzáronse sobre el.

Encrespáronse como tres galos. Sacudían as cabezas fachendosos e mantiñan os ombros en tensión. Os músculos arredor de cada boca retorcéronse nun forzado sorriso de mofa.

-A ver, que carallo vas facer? -dixo Jimmie entre dentes.

Pete camiñou con cautela cara atrás, ondeando as mans diante del para evitar que os homes se achegasen demasiado.

-A ver, que carallo vas facer? -repetiu o aliado de Jimmie. Quedaron preto del, burlándose e rindo. Fixeron un xesto para que el lanzara o golpe inicial.

-Atrás, agora! Non vos botedes enriba -dixo Pete en ton inqueda.

De novo dixeron a coro con burla.

-Ai, que medo.

Nun corro pequeno que non deixaba de remexerse, os homes tomaban posicións coma fragatas preparándose para unha batalla.

-A ver, por que ostias non tentas botarnos fóra? -berraron Jimmie e o seu compañeiro con amplos sorrisos de rexouba.

Nas caras dos homes debuxouse a violencia dun bulldog. Os seus puños apertados movíanse como armas ansiosas.

Os dous aliados empurraron os cóbados do camareiro, ollando para el con ollos febrís e facéndoo recuar á forza contra a parede.

Nese momento, Pete xurou con intensidade. O relampo da acción escintiloulle nos ollos. Guindou o brazo para atrás e arreboloulle un tremendo golpe, rápido coma un lóstrego na cara de Jimmie. O seu pé deu un paso adiante e o peso do seu corpo quedou detrás do seu puño. Jimmie virou a cabeza, como aprendían a facer no barrio do Bowery, coa rapidez dun gato. Os feros golpes de resposta del e o seu aliado bateron contra a agachada de Pete.

O descoñecido calado desapareceu.

Os brazos dos combatentes ondeaban no aire coma se fosen mallos. As caras dos homes, ao principio inchadas coa rabia e roxas como a cor das lapas, agora comezaban a esvaecer coa palidez dos guerreiros no medio do sangue e do calor da batalla. Os seus beizos retortos e estricados contra as enxivas facíanlles parecer monstros. A través dos seus dentes brancos apertados forcexaban murmurios roucos de xuramentos. Os seus ollos brillaban con lume asasino.

Cada unha das cabezas estaba acubillada entre os ombreiros do seu dono, e os brazos abaneaban con abraiante rapidez. Os pés arrastrábanse adiante e atrás facendo ruído ao fregaren o chan cuberto de serraduras. Os golpes deixaban un rastro carmesí nas peles pálidas. Os insultos dos primeiros minutos da loita esmoreceran e os loitadores ceibaban o alento con dificultade entre os beizos e os tres peitos inchábanse e desinchábanse ao alasar. De cando en vez Pete ceibaba asubíos fatigosos e profundos que evocaban un desexo de matar. O aliado de Jimmy farfallaba ás veces coma un tolo ferido. Jimmie estaba en silencio, pelexando coa cara dun sacerdote facendo un sacrificio. Nos ollos dos combatentes brillaba a rabia do medo e os puños roxos da cor do sangue mesturábanse.

Nun momento de dúbida, un golpe da man de Pete bateu no aliado, e o home caeu ao chan de forma violenta. Remexeu instantaneamente para poñerse de pé, colleu o vaso de cervexa do descoñecido calado e guindouno contra a cabeza de Pete.

O vaso escachou contra o alto da parede como unha bomba, e os anacos trementes acabaron revoando en todas as direccións. Logo cada un apañou todo tipo de proxeccións. Ata ese momento parecera que no lugar non había nada que tirar, pero de súpeto, os vasos e botellas voaron e asubieron polo aire. Tirábanos ao chou contra as cabezas que se movían. A pirámide de vasos brillantes que nunca se moveran, pasou a ser unha cascada cando escacharon contra ela botellas pesadas. Os espellos quedaron esnaquizados.

As tres criaturas que espumaban no chan enterráronse nunha loita frenética polo sangue. Aos proxeccións e os puños seguiron algúns prantos descoñecidos, se cadra de morte.

O descoñecido calado acabara co cu na rúa dunha forma bastante sensacional. Unha risa percorreu media mazá pola avenida arriba e abaixo.

-Guindaron un tipo á rúa!

A xente escoitou o son dos cristais rompendo e os pés arrastrándose dentro da taberna, e achegáronse correndo. O que comezou sendo un pequeno grupo de persoas encrequenadas para ver por debaixo das portas de bambú como caían os cristais e tres pares de pernas violentas, converteuse nun momento nunha multitude.

Pola beirarrúa chegou correndo un policía e guindouse contra as portas para entrar de golpe na taberna. A multitude agachouse e logo volveu emerxer cun absorbente e ansioso desexo de ver o que acontecía.

Jimmie foi o primeiro en decatarse da interrupción. Cando estaba sobre o chan tíñalle o mesmo respecto á policía có que lle profesaba aos coches de bombeiros cando estaba sobre o seu coche. Ouveu e botou a correr cara á porta lateral.

O oficial penetrou no local coa porra na man. Cun cumprido golpe co pau longo e negro tirou co compañeiro no chan e acurrallou a Pete nunha esquina. Coa man que tiña libre, fixo un esforzo furioso para coller o rabo do abrigo de Jimmie. Logo recuperou o equilibrio e quedou parado.

-Ben, ben, vaia par de cadros. Que carallo pasou aquí?

Jimmie, coa cara ensanguentada, escapou por unha calella lateral seguido a unha curta distancia por algúns dos membros da multitude máis gardadores da lei ou máis afervoados.

Máis tarde, desde unha esquina escura e segura, viu o policía, o compañeiro e o camareiro saír da taberna. Pete pechou as portas e logo seguiu pola avenida a multitude que rodeaba o policía e o seu detido.

De primeiras, Jimmie, co corazón vibrante pola calor da batalla, comezou a correr desesperado ao rescate do seu amigo, pero logo detívose.

-Pero, que carallo? -preguntouse.

Capítulo XII

Nun salón de forma irregular Pete e Maggie bebían cervexa. Unha orquestra submisa seguía obediente os movementos de cabeza e as ondas da batuta do seu director, un home con lentes e pelo desamañado que vestía de frac. Unha cantante de baladas que levaba un vestido escarlata rechamante cantaba coa consabida voz do metal. Cando desapareceu, os homes sentados nas mesas á fronte aplaudiron estrondosamente batendo a madeira puída cos seus vasos de cervexa. Ela volveu vestida con menos roupa e cantou de novo. Recibiu outra entusiasta petición dun bis. Reapareceu con aínda menos roupa e bailou. O barullo enxordecador de vasos e aplausos que seguiron a súa saída indicaban un desexo abafante de que volveuse por cuarta vez, pero a curiosidade da audiencia non se viu recompensada.

Maggie estaba pálida. Dos seus ollos esvaecera calquera rastro de confianza en si mesma. Inclínouse cun xesto dependente ante o seu acompañante. Estaba cohibida, coma se temese que se enfadase ou que estivese incómodo. Parecía que ela lle pregaba algo de tenrura.

O aquel de distinguido valor que Pete mostrara ata entón fixérase tan obvio nel que agora ameazaba con increíbles dimensións. Era infinitamente amable coa rapaza, e era claro que para ela a condescendencia do home era marabillosa.

Parecía que fachendeaba malia estar sentado e polo xeito con que cuspía demostraba que era un león de aparencia arrogante.

Maggie ollaba para el fascinada cando el lles daba ordes orgulloso aos camareiros que se comportaban, en calquera caso, de modo indiferente ou coma se fosen xordos.

-Ei, ti, apura! Que carallo miras! Dúas birras máis, oes?

Recostouse cara atrás e ollou criticamente para a figura dunha rapaza cunha perruca de cor da palla que sobre o escenario sacudía os tacóns nunha imitación algo torpe dunha bailarina moi coñecida.

Por veces, Maggie contáballe a Pete longas historias confidenciais da súa anterior vida caseira, recontándolle as aventuras dos outros membros da familia e as dificultades ás

que tiña que enfrontarse para conseguir algo de calma. El respondía en tons filantrópicos. Apertáballe o brazo cun aquel de amo tranquilizador.

-Eran uns puñeteiros algareiros -diciía el referíndose á nai e irmán.

O son da música que, grazas aos esforzos do director de cabeza desguedellada, chegaba ata os oídos da rapaza a través da atmosfera chea de fume facía soñar. Pensaba no ambiente do seu anterior Rum Alley e volvía a ollar para os puños fortes e protectores de Pete. Pensaba na fábrica de colos e puños e o eterno queixume do propietario: “Por que carrallo pensades que vos pago sinco dolarres a semana? Parra xogar? Madía leva”. Ela contemplaba os ollos de Pete con aquela calidade que facía someterse os homes, e decatábase de que se podía percibir a riqueza e a prosperidade nas súas roupas. Ela imaxinaba un futuro tinguido de rosa, pois non podía estar máis distante de todo o que anteriormente vivira.

No presente ela percibía só vagas razóns para sentirse triste. A súa vida pertencíalle a Pete e ela considerábalo digno do cargo. Non había de molestarse por ningunha preocupación, sempre que Pete a adorase como agora afirmaba que facía. Non se sentía como unha mala muller. De feito, parecíalla que non había nada mellor.

Ás veces, outros homes noutras mesas ollaban para ela de forma furtiva. Pete, consciente diso, asentía cara a ela, e sorría. Sentíase orgulloso.

-Mag, estás moi ben -insistía, estudando a súa cara a través da néboa. A Maggie aqueles homes facíanlle sentir medo, pero ao falar Pete ela tornaba roxa, pois quedaba claro que ela era a meniña dos seus ollos.

A través da néboa, algúns homes de pelo cano, marabillosamente patéticos no seu libertinaxe, ollaban para ela. Mozos de fazulas suaves, algúns deles con rostro pétreo e boca pecaminosa, cuxo aspecto non era tan patético coma os das cabezas canas, buscaban os ollos da rapaza entre os remuíños de fume. Maggie consideraba que ela non era o que eles pensaban. Ela limitaba as súas olladas para Pete e o escenario.

A orquestra tocaba melodías negras e un percusionista versátil batía, chocaba, pegaba, tintinaba e rañaba en ducias de máquinas para arrincarlles sons.

Aquelas olladas masculinas dirixidas cara a Maggie desde pálpebras a medio pechar facíana tremer. Ela pensaba de todos eles que eran peores homes que Pete.

-Veña, imos -dixo ela.

Mentres saían, Maggie decatouse da presenza de dúas mulleres sentadas a unha mesa con algúns homes. Estaban maquilladas e as súas fazulas perderan a súa forma redondeada. Cando pasou por diante delas, a rapaza, encolleuse e apartou a saia.

Capítulo XIII

Logo da pelexa con Pete na taberna, Jimmie non volveu a casa en varios días. Cando o fixo, achegouse con extremo coidado.

Atopou á súa nai nun estado de ira. Maggie non volvera á casa. A nai preguntábase continuamente como a súa filla puidera chegar a semellante situación. Nunca considerara a Maggie como unha perla que guindaran impoluta desde os ceos e caera en Rum Alley, pero non entendía como era posible que a súa filla caera tan baixo como para levar deshonra á súa familia. Enunciaba cousas terribles ao referirse á escura intención da rapaza.

O feito de os veciños falaren do tema volvíaa tola. Cando as mulleres chegaban e de forma casual preguntaban no medio da conversa “Onde anda a Maggie estes días?” a nai sacudía a cabeza desamañada cara a elas e as deixaba pampas cos insultos. Se facían algún intento atrevido na busca de confianza ela rexeitábalas con violencia.

-E ca educación que tivo, como puido? -saloucaba e preguntáballe ao fillo-. Con todo o qu’eu falín con ela e as cousas que lle dixen que lembrase? Cando unha rapaza ‘ta educada da forma que eu eduquei a Maggie, como puido meterse nos infernos?

Jimmie quedaba paralizado con estas preguntas. Non podía entender como naquelas circunstancias a filla da súa nai e a súa irmá puidera ter tan terribles intencións.

A nai bebía dunha botella repoluda que estaba sobre a mesa. Seguiu queixándose.

-Esa rapaza tíñache mal corazón, Jimmie. Tiña o corazón cheo de maldade e non o sabíamos.

Jimmie asentía, admitindo o feito.

-Vivimos na mesma casa con ela e eu eduqueina e nunca soubemos o mala que era.

Jimmie asentiu de novo.

-Cunha casa coma esta e cunha nai coma min, e foi p'o inferno -chorou a nai, elevando a vista.

Un día Jimmie chegou a casa, sentou nunha cadeira e comezou a remexerse por conta dun novo e estraño nerviosismo. Finalmente falou avergoñado.

-A ver, mira, isto deshónranos! Non sabe? 'Tamos sen honra! E se cadra sería mellor se eu... A ver, creo que podo buscala e... se cadra sería mellor se a trouxese pa' casa e...

A nai deu un chimpno na súa cadeira e empezou a berrar nun trebón de rabia apaixonada.

-O que! Deixala vir e durmir baixo o mesmo teito ca súa nai outra vez! Ai si, eu si, non si? Seguro? Vergoña che tiña que dar, Jimmie Johnson, por dicir cousa semellante diante da túa nai... A túa propia nai! Mal sabía eu cando eras un bebé e andabas xogando aos meus pés que cando medrases habías de dicirle esas cousas a túa propia nai, a túa propia nai. Nunca pensara...

Os saloucos afogárona e interromperon os seus reproches.

-Non ten por que poñerse así -dixo Jimmie-. Eu só digo que sería mellor manter isto na casa, non sabe? Porque nos deshonra! Non sabe?

A súa nai riu cun riso que pareceu resoar pola cidade e rebotar no eco doutros risos incontables.

-Ai si, si, non si? Seguro!

-A ver, vostede pensa que eu son idiota -dixo Jimmie, indignado coa súa nai por facerlle a burla-. Non digo que faigamos dela un anxo nin nada diso, pero co que fai agora pode facernos raros! Non o ve?

-E logo, vai cansar da vida que leva logo co tempo e logo vai querer volver á casa, non si, a besta! E deixareille entrar, non si?

-A ver, non 'tou falando da andrómena esa da pródiga nin nada diso -explicou Jimmie

-Non era unha filla pródiga, babeco -dixo a nai-. E ademais, era o fillo pródigo, en calquera caso.

-Xa o sabía -dixo Jimmie

Por un tempo quedaron sentados en silencio. Os ollos da nai refocilábanse nunha escena que lle mostraba a imaxinación. Os seus beizos mostraban un sorriso vingativo.

-Ai, e vai vir a chorar, si, ho, e logo seguirá e dirá como o Pete ou calquera outro tipo mallou nela e que o sinte e todo iso e que non anda contenta, non, e que quere volver a casa, e logo.

Cun humor tétrico, a nai imitou os posibles tons choromiqueiros da voz da filla.

-E logo metereina na casa, non? A besta. Pois xa pode chorar ata afogar nas pedras da rúa antes de que luxe a casa con ela. Ela abusou e maltratou a súa propia nai, a súa propia nai que a quería e nunca vai ter outra oportunidade nesta beira do inferno.

Jimmie pensaba que entendía ben a fragilidade das mulleres, pero non entendía por que isto tiña que victimizar a ningunha da súa familia.

-Carallo de muller -dixo enfebrecido.

De novo preguntouse vagamente se algunha das mulleres que coñecía terían irmáns. Porén, a súa mente non confundiu nin por un momento a el mesmo con eles nin a súa irmá coas destes. Logo de calar os veciños con gran dificultade, a nai achegárase canda eles e proclamou a súa dor. "Que deus a perdoe!" era o seu berro continuo. A quenquera que lle fixera caso, ela recitáballe toda unha ladaíña de prantos.

-Eu crieina como se ten que criar unha filla e así é como mo agradece! Marchou co demo á primeira oportunidade que tivo! Que deus a perdoe.

Cando a arrestaban por estar ebria utilizaba a historia da perdición da súa filla eficazmente ante os xuíces. Finalmente un deles díxolle, ollando cara abaixo por riba dos seus lentes: “Mary, os rexistros deste e outros xulgados mostran que es a nai de corenta e dúas fillas que acabaron arruinadas. O caso non ten comparación nos rexistros deste xulgado, e este xulgado pensa...”

A nai pasaba a vida derramando longas bágoas de pena. A súa cara roxa era a imaxe da anguria.

Por suposto, Jimmie maldicía en público á súa irmá e atribuíalle a culpa de que el non estivese nun plano social máis elevado. Pero falando para si mesmo, dándolle voltas á cabeza de xeito insólito para el, unha vez case chega á conclusión de que a súa irmá houbera de ter máis siso de saber algo máis. Porén, sentiu que non podía aturar semellante opinión. Desbotou a idea rapidamente nun lado.

Capítulo XIV

Nun vestíbulo divertidísimo había vinte e oito mesas e vinte e oito mulleres e unha multitude de homes fumando. Ao fondo da estancia, sobre un escenario, unha orquestra composta de homes que parecía coma se acabasen de chegar emitía un ruído valente. Por aquí e alí corrían camareiros esgotados, que caían en picado coma falcóns sobre os incautos da multitude mentres repenicaban polos corredores con bandexas cheas de vasos, tropezando cas saias das mulleres e cobrando dous prezos distintos por todo menos a cervexa. Todo aquel movemento realizábase cunha rapidez que facía borrosa a vista das palmeiras e monstrosidades poeirentas pintadas nas paredes da estancia. Entre a multitude irrompeu un matón que andaba con moitos negocios entre as mans, arrastrando os tímidos clientes ata as cadeiras prominentes, ordenando os camareiros por aquí e por alí e pelexando con rabia cos homes que querían cantar coa orquestra.

A habitual nube de fume estaba presente, pero era tan densa que semellaba que as cabezas e os brazos quedaran enleados nela. O barullo das conversas viuse substituído por un ruxido. Unha multitude de xuramentos abríanse paso con dificultade no aire. O cuarto resoaba coas voces agudas de mulleres gurgullando con risas de alcohol. O elemento que dominaba na música da orquestra era a velocidade. Os músicos tocaban con decidida furia. Unha muller cantaba e sorría no escenario, pero ninguén lle prestaba atención. A velocidade do piano, a corneta e os violíns parecía proporcionar un aire salvaxe á multitude medio ebria. Os vasos de cervexa baleirábanse dun grolo e a conversa converteuse un barullo rápido. O fume arremuiñábase e ondeaba coma un río sombrizo correndo cara a unha ferverza oculta. Pete e Maggie entraron na sala e colleron unhas cadeiras nunha mesa próxima á porta. A muller que estaba sentada alí fixo un esforzo por captar a atención de Pete, e ao non conseguilo, marchou.

Pasaran tres semanas desde que a rapaza marchara da casa. O aire de dependencia canina aumentara e mostraba o seu efecto directo na brusquidade peculiar e o relaxamento dos modais de Pete cara a ela.

Ela seguía cos seus ollos a dirección dos de Pete, anticipando con sorrisos calquera ollada cortés que el lle dirixira.

Na sala entrou unha muller rechamante e atrevida acompañada dun rapaciño novo e sentou preto deles.

Pete púxose de pé dun chimp, co rostro brillante e un sorriso de alegre sorpresa.

-Meu deus, está Nellie -berrou.

Marchou ata a mesa e estricou unha man ansiosa cara á muller.

-Home, ola, Pete, querido, como estás -dixo ela, dándolle os dedos.

Maggie fixouse na muller ao momento. Decatouse de que o vestido negro quedáballe perfecto. O colo de liño e os puños eran inmaculados. As luvas curtidas estaban estricadas sobre as súas mans ben modeladas. Lucía un sombreiro aínda de moda sobre

a cabeleira escura. Non levaba xoiería e estaba maquillada cun sutil maquillaxe. Resistía cos ollos moi abertos as olladas dos homes.

-Senta, e dille á túa amiga que veña -díxolle cordialmente a Pete. Co aceno, Maggie chegou e sentou entre Pete e o rapaciño.

-Pensei que marcharas pa' sempre -comezou Pete de súpeto-. Cando volviches? Como saíu o negocio de Buffalo?

A muller encolleu os ombros.

-Bueno, non tiña tantos billetes como aparentaba, así que o deixei, iso é todo.

-Pois alégrome de que esteas na cidade de novo -dixo Pete cunha torpe galantería.

El e a muller enleáronse nunha longa conversa sobre as lembranzas dos días que pasaran xuntos. Maggie estaba sentada á dereita, incapaz de formular unha frase intelixente para meter na conversa, e era dolorosamente consciente diso.

Ela vía os ollos de Pete remuxicar cando ollaba para a fermosa descoñecida. El escoitaba sorrindo para todo o que ela dicía. A muller coñecía todos os seus negocios, preguntáballe por amigos comúns e sabía o total do seu salario.

Non lle prestou atención a Maggie, ollou para ela unha ou dúas veces e aparentemente o que vía era a parede detrás dela.

O rapaciño estaba malhumorado. Ao comezo recibira con aclamacións as adicións ao grupo.

-Tomemos algo! Que queres, Nell? E vostede señorita, como se chama. Beba algo, señor... Quero dicir... Bebe algo, ho.

Mostrara un intenso desexo por falar para unha audiencia e contalo todo sobre a súa familia. Discursou sobre varios asuntos en voz alta e asumiu un aire condescendente con Pete. Como Maggie estaba calada, non lle prestou atención. Fixo un alarde de gasto de riqueza diante da muller rechamante e atrevida.

-Para quieto, Freddie! Estás danzando coma un mico, querido -díxolle a muller. Ela deu a volta e centrou a súa atención en Pete.

-Habemos de pasar bos tempo xuntos de novo, non si?

-Claro, home -dixo Pete, entusiasmado de golpe.

-Mira -murmurou ela, inclinándose cara adiante-. Imos á de Billie montar unha boa.

-A ver, ho, é que pasa isto! Non sabes? -dixo Pete-. Teño aquí esta amiga.

-Ai, que lle dean -contestoulle a muller.

Pete parecía perturbado.

-Moi ben -dixo ela, asentindo coa cabeza-. Ti verás! A ver cando me pidas que vaia a calquera sitio contigo.

Pete incomodouse.

-Mira -dixo en ton suplicante-. Ven comigo un minuto e explícoche.

A muller ondeou a man.

-Ai, está ben, non tes que me explicar, xa sabes. Non ves porque non queres vir, xa está. Para o visible desgusto de Pete, ela volveuse ao rapaciño, desamarrándoo rapidamente dunha rabia intensa. El estivera pensando se un home tería que pelexarse con Pete ou estaría xustificando baterlle violentamente co vaso de cervexa sen avisalo. Pero recuperouse cando a muller deu a volta para dirixirle os seus sorrisos. El sorriulle de volta cunha expresión algo alcohólica e inexpresivamente tenra.

-Mira, pasa dese tipo do Bowery -pediulle o rapaz á muller nun murmurio baixo.

-Freddie, es tan gracioso -contestoulle.

Pete estricou a man e tocou a muller no brazo.

-Sae un minuto e explícoche por que non podo ir contigo. Non me trates así, Nell! Nunca pensei que me habías tratar así, Nell. Veña, ves?- dixo con ton afectado.

-A ver, non vexo por que me van interesar as túas explicacións -dixo a muller cunha frialdade que pareceu reducir a Pete a unha papa.

Os seus ollos suplicaban.

-Sae un minuto e explícoche.

A muller asentiu lixeiramente cara a Maggie e o rapaciño.

-Desculpade.

O rapaciño interrompeu o seu sorriso e mandoulle unha ollada murcha a Pete. O seu rostro infantil arrubiou e falou, nun xemido, cara a muller:

-Ai, eu creo que, Nellie, isto non é un trato xusto, non sabes. Non vas deixarme e marchar con este tipo, non si? Eu diría que...

-Pero, querido, claro que non -berrou a muller, cariñosamente. Ela inclinouse e murmuroulle algo na orella. El sorriu de novo e sentou na cadeira, coma se decidise esperar pacientemente.

Mentres a muller camiñaba entre filas de mesas, Pete faláballe abertamente no ombreiro, aparentemente explicando cousas. A muller ondeaba as mans con aire de indiferenza estudado. As portas pecháronse atrás deles, deixando a Maggie e o rapaciño sentados na mesa.

Maggie estaba atordada. Podía decatarse lixeiramente de que algo asombroso acontecera. Preguntábase por que Pete pensara que era axeitado xustificarse ante a muller, pedindo perdón coa ollada. Pensaba que percibira un ton de submisión no seu leonino Pete. Estaba atónita.

O rapaciño ocupábase cuns cócteles e un cigarro. Estivo sentado tranquilamente durante unha hora. Logo remexeuse e dixo:

-Vaia -dixo, suspirando-, sabía que había pasar isto -houbo outro silencio. O rapaciño estaba pensativo-. Estaba xogando comigo, éche iso -dixo de súpeto-. É unha vergoña o que fai esa muller. A ver, gastei dous dólares en bebida esta noite. E ela vai e marcha con ese tipo feo que parece que lle bateron na cara cun ferro. Eu a iso chámolle maltrato para un tipo coma min. A ver, camareiro, tráíame un cóctel e fágao ben forte.

Maggie non contestou. Estaba observando as portas.

-É unha xogada ben sucia -queixábase o rapaciño. Explicoulle o increíble que era que alguén o tratase desa forma-. Pero vaimos pagar, xa verás. Non vai andar moi lonxe de min, xa sabes ao que me refiro! -engadiu, chiscándolle un ollo-. E voulle dicir que iso foi unha xogada sucia do carallo. E mais lle vale non vir con ningún dos seus "Freddie, querido". Cre que o meu nome é Freddie, non sabes, pero claro que non o é. Sempre lle digo a esta xente un nome así, porque se saben o teu nome verdadeiro poden utilizalo algunha vez, entendes? Ai, a min non che me toman por parvo.

Maggie non estaba prestando atención, pois non deixaba de ollar para as portas fixamente. O rapaciño quedou calado nun período melancólico durante o que acabou uns cantos cócteles con aire decidido, coma se estivese contestando con aire desafiante á súa sorte. De cando en vez rompía en frases compostas de improprios enfiados nunha longa enumeración.

A rapaza estaba tensa ollando fixamente para as portas. Logo dun anaco o rapaciño comezou a ver teas de araña xusto diante do seu nariz. Obrigouse a si mesmo a ser falador e insistiu en que ela tomase unha carlota rusa e un vaso de cervexa.

-Eles marcháronche -subliñou-, marcharon. El ollou para ela a través dos aneis de fume-. Ei, rapaciña, se cadra podíamos aproveitalo. Non 'tás tan mal, sabes? Nada mal. Non como a Nell, iso si. Non, non tal. Eu diría que non. Ela éche unha rapaza bonita! Ben bonita! Ao lado dela es fea de carallo, pero soa non estás tan mal. Ten que valer, en calquera caso. A Nell marchou. Só quedas ti. Non 'tas tan mal, a verdade.

Maggie púxose de pé.

-Vou pa' casa -dixo.

O rapaciño deu un chimplo.

-Eh? O que? A casa? -berrou, atordado polo susto- Desculpa, escoiteiche dicir "casa"?

-Vou pa' casa -ela repetiu.

-Ai señor, pero que di esta -preguntouse o rapaciño a si mesmo, estupefacto.

Nun estado case inconsciente el conduciuna ata un coche, pagou a carreira ostentosamente, sorriulle amablemente a través da ventá de atrás e caeu dos chanzos.

Capítulo XV

Unha muller triste camiñaba por unha avenida iluminada. A rúa estaba chea de xente desesperadamente ocupada en diversas misións. Unha multitude sen fin corría polas escaleiras elevadas da estación e os coches de cabalos estaban ategados de donos de paquetes.

O paso da muller triste era lento. Parecía que buscaba a alguén. Axexaba preto das portas das tabernas e ollaba para os homes que saían delas. Fitaba furtivamente para os rostros na corrente rápida de peóns. Os homes ás carreiras, apurados para coller algún barco ou tren, empurrábana batendo contra os seus ombros e sen decatarse, pois tiñan os pensamentos fixos nalgunha cea distante.

A muller triste tiña unha cara estraña. O seu sorriso non era un sorriso. Pero cando estaba en repouso os seus trazos tiñan un aspecto sombrizo que semellaba un sorriso sardónico, coma se alguén cun índice cruel lle debuxase liñas arredor da boca.

Jimmie apareceu correndo pola avenida. A muller púxoselle diante cun aire ofendido.

-Ai, Jimmie, 'tiven buscándote por todas partes... -comezou.

Jimmie fixo un xesto impaciente e apurou o paso.

-Ai, non me molestes! Meu deus! -dixo coa ferocidade dun home que se ve constantemente atacado.

A muller seguíuno pola beirarrúa en actitude de súplica.

-Pero Jimmie -dixo-, díxechesme que habías de...

Jimmie deu a volta cara a ela furioso, coma se estivese decidido a facer un último esforzo por conseguir a calma e a paz.

-A ver, meu deus, Hattie, non me sigas dunha punta da cidade á outra. Para un pouco, si? Dáme un minuto de tranquilidade, non si? E que me cansas, sempre atrás de min. Non sabes? E ademais non tes dous dedos de fronte. Queres mandarme xente atrás de min? Vai e séguete a ti mesma, meu deus.

A muller camiñou cara a el e pousoulle os dedos no brazo.

-Pero mira un minuto...

Jimmie xemeu:

-Ai, vai ao carallo.

Correu a meterse pola porta dunha taberna que estaba axeitadamente situada e un momento máis tarde saíu entre as sombras que rodeaban a porta lateral. Na avenida iluminada puido ver a muller triste esculcando como unha exploradora. Jimmie riu cun ton de alivio e marchou.

Cando chegou a casa atopou a súa nai berrando. Maggie volvera. Tremía baixo o torrente de ira da súa nai.

-Madía leva, outra máis -dixo Jimmie a modo de saúdo.

A súa nai, camiñando vacilante polo cuarto, sinalou cun índice tremente.

-Mira pa' ela, Jimmie, mira pa' ela. Aí está túa irmá, rapaz. Aí está a túa irmá. Mi' pa' ela! Mi' pa' ela!

Ela ceibou un riso burlón.

A rapaza estaba no medio do cuarto e non podía estar quieta, coma se fose incapaz de atopar un lugar no chan onde poñer os pés.

-Ha, ha, ha -ouveou a nai-. Aí está! Non é guapa? Mi' pa' ela! Non é doce a besta? Mira! Ha, ha! Mira!

Botándose cara adiante pousou as mans roxas e engurradas na cara da filla. Axeonllouse e ollou fixamente para os ollos da rapaza.

-Ai, é a mesma de sempre, non é? É a bonita neniña da súa nai, non é? Mira, Jimmie! Ven aquí, meu Deus e mira pa' ela!

As terribles burlas sonoras da nai sacaran ás portas ós habitantes do bloque de pisos de Rum Alley. As mulleres saíron aos corredores, os nenos corrían de aquí para alá.

-Que foi? Os Johnson outra vez a berros?

-Non! A Mag está na casa!

-Que dis?

A través da porta aberta ollos curiosos ollaban para Maggie. Os nenos entraban no cuarto e fitaban para ela, coma se formasen a primeira fila dun teatro. As mulleres, fóra, inclinábanse e murmuraban entre elas, asentindo coa cabeza con aire de profunda filosofía. Un bebé, con moita curiosidade polo obxecto que todos ollaban, arrastrouse cara adiante e tocou o seu vestido, con cautela, coma se estivese estudando un fogón incandescente. A voz da súa nai ecoou coma unha trompeta de aviso. Esta saíu correndo cara adiante e colleu o seu fillo, logo de dirixirlle unha ollada de indignación á rapaza.

A nai de Maggie camiñaba cara adiante e atrás, ollando para a porta chea de ollos, falando coma unha guía nun museo. A súa voz resoaba por todo o edificio.

-Aí está -berraba virando rapidamente e sinalando cun dedo dramático-. Ai está! Mirade pa' ela! Non é unha dama? E foi tan boa que veu a ver a súa nai, pois si! Non é guapa? Non é unha dama? Ai, meu deus!

Os berros de mofa remataron con outro abrollo de risa chiona.

Parecía que a rapaza espertara:

-Jimmie...

El afastouse dela rapidamente.

-Ben, agora es moito, non si? -dixo, os beizos retorcidos do desdén. No cello apousoulle un xesto de virtude radiante e mans que o afastaban dela expresaban o medo de contaminarse.

Maggie deu a volta e marchou.

A multitude na porta afastouse cara atrás precipitadamente. Un bebé que caeu fronte á porta fixo que a súa nai berrase coma un animal ferido. Outra muller deu un salto cara adiante e colleuno, con aire cabaleiroso, coma se salvase un ser humano dun tren expreso.

Mentres a rapaza cruzaba o corredor, pasou por diante de portas abertas que enmarcaban máis ollos estrañamente microscópicos, e proxectaban grandes raios de luz inquisidora na esuridade do seu camiño. No segundo piso atopou a muller coirenta que era dona da caixa de música.

-E logo -berroulle-, de volta outra vez, non si? E botáronte fora? Anda, entra e queda comigo esta noite. Eu non che teño reputación.

Dende arriba chegaba un incesante murmurio de linguas, e por riba de todas elas resoaba a risa de mofa da súa nai.

Capítulo XVI

Pete non consideraba que arruinara a Maggie. De saber que a súa alma non había de sorrir de novo, pensaría que a nai e o irmán, que tolearan co asunto, habían ser os responsables.

Ademais, no seu mundo as almas non insistían moito en ser capaces de sorrir. “Que carallo?”

Sentíase un pouco confuso. Iso agoniábao. As revelacións e as escenas poderían atraer sobre el a ira do dono da taberna, que insistía nun tipo de respectabilidade de certo nivel.

-Por que carallo montan tanto estrondo? -preguntábase, apesurado pola actitude da familia. Non vía necesidade de que ninguén perdese o seu equilibrio só porque a súa irmá ou a súa filla estivese fóra da casa.

Buscando na mente posibles razóns para a súa conduta, chegou á conclusión de que os motivos de Maggie eran correctos, pero que os outros dous querían poñerlle unha trampa. Sentíase perseguido.

A muller rechamante e atrevida que atopara no salón hilarante mostrara unha disposición para deixalo en ridículo.

-Unha cousa paliducha sen espírito ningún -dixéralle-. Non notaches a expresión dos seus ollos? Tiñan unha expresión intermedia entre a torta de cabaza e a virtude. A comisura dos beizos trémelle dunha forma peculiar do lado dereito, non si? Ai, Pete, querido, meu benditiño Pete, a que me andas?

Pete respondeulle de vez que nunca mostrara moito interese pola rapaza. A muller interrompeuno, rindo.

-Ai, a min non me importa nada, meu querido mozo. Non tes que andar a inventar historias por min. Por que debería importarme?

Pero Pete seguía coas súas explicacións. Se alguén se burlaba del polo seu gusto coas mulleres, sentíase obrigado a dicir que eran temporais ou indiferentes.

A mañá seguinte de Maggie marchar da casa, Pete estaba detrás da barra. Estaba immaculado coa chaqueta branca e o mandil, e levaba o pelo pegado sobre o cello con infinita corrección. Non había clientes no lugar. Pete retorcíaa o puño envolvido nun pano lentamente dentro dun vaso de cervexa, asubiando en ton baixo para si mesmo e situando de cando en vez o obxecto da súa atención entre os ollos e algunha raiola feble de luz do sol que se filtrara polas grosas vidreiras e entrara no cuarto sombrizo.

Mentres pensaba na muller rechamante e atrevida o camareiro levantou a cabeza e quedou fitando para as moitas fendas das portas de bambú. De súpeto, a tensión que lle permitía asubiar desapareceu dos seus beizos. Viu a Maggie pasando devagar por diante. Deu un gran chimpó, temendo pola anteriormente mencionada respectabilidade eminente do lugar.

Ollou ao arredor con nerviosismo, sentíndose repentinamente culpable. O local estaba baleiro.

Foi correndo á porta lateral. Ao abrila e ollar para fóra viu a Maggie de pé, coma se estivese indecisa, na esquina. Estudaba o lugar coa ollada.

Cando virou o rostro cara a el, Pete fixolle acenos apuradamente, decidido a volver o antes posible á súa situación detrás da barra e á atmosfera de respectabilidade na que o propietario insistía.

Maggie achegóuselle. A ollada de ansiedade desaparecera e un sorriso agromáralle nos beizos.

-Ai, Pete... -comezou a dicir alegremente.

O camareiro fixo un xesto violento de impaciencia.

-Ai meu deus! -berrou con vehemencia-. Que carallo fas aquí? Queres que me meta en problemas? -preguntoulle ofendido.

O asombro abriuse paso no rostro da rapaza.

-Pero Pete! Se me dixeras que...

Pete fitou para ela profundamente irritado. O seu rostro púxose roxo coa mesma rabia dun home cuxa respectabilidade está sendo ameazada.

-A ver, é que me tes farto, non sabes? Pa' que carallo andas atrás de min aquí? Vasme meter en problemas co vello e a ver como lle explico! Se ve unha muller por aquí vai tolear e eu vou perder o traballo! Non sabes? O teu irmán veu aquí e montou unha boa e o vello tivo que pagalo todo! E agora xa 'ta ben, non sabes? Xa 'ta ben.

Os ollos da rapaza miraron fixamente para a súa cara

-Pete, pero non lembr....

-Ai, que carallo -interrompeuna Pete, anticipándose.

A rapaza parecía debater consigo mesma. Aparentemente quedara perplexa e non podía atopar as palabras. Finalmente preguntou en voz baixa:

-Pero onde podo ir?

A pregunta exasperou a Pete máis alá do que podía aturar. Era un intento directo de atribuírlle algunha responsabilidade nun tema que non lle afectaba. Na súa indignación ofreceulle a información que lle pedían:

-Ai, vai ao carallo -berrou. Pechou a porta de golpe e volveu, cun aire de alivio, á súa respectabilidade.

Maggie marchou.

Camiñou sen dirección por diante de varios bloques. Parou unha vez e preguntouse en voz alta:

-Quen?

Un home que pasaba preto dela pensou que a pregunta estaba dirixida a el e respondeu con humor:

-Eh? O que? Quen? Ninguén! Non dixen nada! -dixo rindo, e seguiu o seu camiño.

Ao pouco tempo, a rapaza descubriu que por camiñar con aquela desorientación tan aparente, algúns homes empezaron a ollar para ela con ollos calculadores. Ela apurou o paso, asustada. Como protección, adoptou unha conduta que mostraba a intención de que se dirixía a algures.

Logo dun tempo deixou as avenidas troupeleantes e cruzou fileiras de casas que tiñan a seriedade e solidez estampadas nas fachadas. Ela baixou a cabeza porque sentía os seus ollos lúgubres sobre ela.

De súpeto cruzouse cun home grande que levaba un sombreiro de seda e un abrigo negro casto, cuxa decorosa fila de botóns chegáballe desde o queixo ata os xeonllos. A rapaza escoitara falar da Graza de Deus e decidiu achegarse a este home.

A súa cara sorrinte e gorda era a imaxe da benevolencia e do bo corazón. Os seus ollos mostraban boa vontade.

Pero cando a rapaza se lle achegou timidamente, el fixo un movemento convulsivo e salvou a súa respectabilidade cun salto vigoroso a un lado. Non había de arriscala para salvar unha alma. Porque como había de saber que alí diante había unha alma que necesitaba salvación?

Capítulo XVII

Unha tarde húmida, moitos meses despois do último capítulo, dúas filas interminables de coches, tirados por hábiles cabalos, tintinaban nunha importante rúa lateral. Unha ducia de coches, cos seus cocheiros enchoupados nos seus abrigos troupeleaban de aquí para alí. As luces eléctricas, co seu suave rosmar, proxectaban unha luz borrosa. Un florista co nariz e as mercadorías escintilando a causa das pingas de auga permanecía detrás dunha selección de rosas e crisantemos, mentres pateaba inqueda cos pés no chan. Dous ou tres teatros baleiraron unha multitude de persoas nas beirarrúas varridas polo trebón. Os homes incrustaban os sombreiros ata os ollos e tiraban dos colos ata as orellas. As mulleres encollían os ombros impacientes nos seus abrigos quentes e paraban para amañar as saias para camiñar no trebón. A xente logo de estar relativamente calada durante dúas horas rompía nun ruxido de conversas, cos corazóns aínda acesos polos relampos do escenario.

A beirarrúa converteuse nun barullo de paraugas. Os homes camiñaban cara adiante para buscar coches ou carros, elevando os seus dedos en forma de petición educada ou orde imperativa. Unha procesión sen fin comezou a camiñar cara as escaleiras elevadas. Unha atmosfera de pracer e prosperidade parecía revoar sobre a multitude, nacida, se cadra, das boas roupas e do feito de que emerxera dun lugar de esquecemento.

No claroscuro de luces e sombras mesturadas dun parque adxacente, un feixe de camiñantes mollados en actitude de desánimo crónico sentaron de maneira dispersa nos bancos.

Unha rapaza do séquito das que se maquillaban camiñaba pola rúa. Lanzáballes olladas aos homes que cruzaba, mandándolles sorrisos de convite a homes de perfil rural ou sen educación e xeralmente mostrando unha calma inconsciencia ante os que levaban o selo da metrópole na cara.

Cruzando avenidas escintilantes, mesturouse coa multitude que saía dos lugares de esquecemento. Ela adiantouse con présa entre a multitude coma se estivese decidida a chegar a un fogar distante, inclinándose cara adiante no seu bonito abrigo, levantando a saia con delicadeza e escollendo para os seus pés ben vestidos os anacos mais secos na beirarrúa.

As portas sen acougo das tabernas, que chocaban cara adiante e atrás, mostraban animadas ringleiras de homes diante das barras e apurando os camareiros.

Dun local de concertos emanaban na rúa sons amortecidos de musica rápida, coma de máquinas, coma se un grupo de músicos fantasmais estivesen apurando o ritmo.

Un home novo e alto que fumaba un pito cun aire sublime, camiñaba preto da rapaza. Levaba traxe de tarde, bigote, un crisantemo e unha ollada de fastío, e todo aquilo o levaba ben calculado. Fixouse en como a rapaza camiñaba coma se un home coma el non existise, e quedou ollando cara atrás petrificado co interese. Fitou para ela cunha ollada vidrosa, pero deu un lixeiro chimpó ao decatarse de que non era nova, nin parisiense nin teatral. Deu a volta rapidamente e cambiou a ollada cara ao aire, coma un mariñeiro na busca dun faro.

Un cabaleiro forte, con patillas pomposas e filantrópicas pasou indiferente, dándolle as grandes costas á rapaza cun aquel despectivo.

Un home que chegaba tarde vestido con roupa de negocios e apurado para coller un coche, chocou contra o seu ombro. “Ei, moza, desculpe! Agárrese, señorita!”. Colleuna polo brazo para axudala a recuperar o equilibrio, e logo marchou correndo polo medio da rúa.

A rapaza camiñou afastándose do reino dos restaurantes e tabernas. Pasou por máis avenidas rechamantes e profundou en mazás máis escuras que aquelas onde andaba a multitude.

Un home vestido cun abrigo lixeiro e un bombín recibira unha ollada entusiasta da rapaza. El parou e ollou para ela, metendo as mans nos petos de golpe e revirando os beizos nun sorriso de burla.

-Pero, home, señorita -dixo-, non me diga que me tomou por un granxeiro!

Un traballador camiñaba ao seu paso, con paquetes baixo os brazos. Aos requirimentos da rapaza contestou:

-Vai boa tarde, non si?

Ela sorriu directamente a un rapaz que corría coas mans escondidas nos petos do abrigo, os rizos louros rebotándolle nas tempas novas e un alegre sorriso de despreocupación nos beizos. Virou a cabeza e devolveulle o sorriso, ondeando as mans.

-Esta tarde non... Outro día!

Un home borracho, abaneando no seu camiño, comezou a berrarlle: “Non teño cartos!”, berraba con voz sombriza. Seguiu dando tombos pola rúa xemendo para si mesmo: “Non teño cartos. Vaites! Non teño máis cartos”

A rapaza chegou aos barrios lúgubres preto do río, onde as fábricas altas e negras pechaban a rúa e só caía ocasionalmente algún raio de luz amplo na beirarrúa desde as portas das tabernas. Fronte un destes lugares onde se escoitaba o son dun violín rabuñado vigorosamente, os golpes de pés nas mesas e o resón de risos altos, había un home de trazos borrosos.

-Ei, amigo -dixo a rapaza.

-Teño unha cita - contestoulle o home.

Máis tarde na escuridade ela deu cun ser de aspecto desamañado de ollos nerviosos inxectados en sangue e mans sucias.

-Que carallo. Téñoche cara de millonario?

Entrou na escuridade do ultimo bloque. As contras dos altos edificios estaban pechadas coma beizos lúgubres. As estruturas parecían ter ollos que ollaban por riba delas, a través delas, para outras cousas. Ao lonxe as luces das avenidas relampaban coma se estivesen a unha distancia imposible. As campás dos coches resoaban con alegría.

Aos pés dos edificios altos aparecía o ton negro fúnebre do río. Algunha fábrica escondida ceibou un resplandor amarelo, que predeu por un momento as augas que lambían aceitosas as madeiras. Os variados sons da vida que resoaban felizmente pola distancia e que semellaban inaccesibles chegaban amortecidos e foron esmorecendo ata o silencio.

Capítulo XVIII.

Nun reservado dunha taberna un home sentaba con media ducia de mulleres que rían contentas e pululaban arredor del. Chegara a un estado de embriaguez no que un home sinte afecto polo universo.

-Son un bo tipo, rapazas -dicía con convicción-. Son un bo tipo. Se alguén me trata ben, sempre trato ben a xente! Non si?

As mulleres asentiron coas cabezas en aprobación.

-Seguro -berraron nun coro sonoro-. Es o tipo de home que nos gusta, Pete. Es espectacular! Que bebes agora, querido?

-O que queirades! -dixo o home abandonado á bondade. O seu rostro reflectía o auténtico espírito da benevolencia. Tiña o ánimo propio dos misioneiros. Podería fraternizar con escuros hotentotes. E sobre todo, estaba superado pola tenrura cara ás súas amigas, que eran todas ilustres.

-O que queirades! -repetiu, ondeando as mans con imprudencia caritativa-. Son un bo tipo, mozas, e se alguén me trata ben eu... Ei -chamou a través dunha porta a un camareiro-, tráialle bebidas ás rapazas. Que tomades, rapazas? O que queirades.

O camareiro ollou cara a dentro coa expresión de noxo de quen lle serve substancias tóxicas ao home que consume demasiado. Asentiu coa cabeza minimamente á orde de cada un deles, e marchou.

-Estámolo pasando xenial -dixo o home-. Gustádesme ben rapazas! Sodes das boas! Non si?

Pasou longo tempo falando sentimentalmente das excelencias das súas amigas reunidas.

-Non tentades enganar a ninguén e pasámolo ben! Iso é! Así ten que ser! A ver, se vise que estivédes tentando marearme pa' conseguirdes bebidas, non había de pagar nin unha! Pero sodes das boas! Sabedes como tratar a un tipo e vou quedar con vós ata gastar o último céntimo! Iso é! Son un bo tipo e sei cando alguén me trata ben!

Entre os tempos de chegada e saída do camareiro, o home dedicoulles un discurso ás mulleres sobre a consideración tenra que sentía por todas as cousas vivas. Marcou especial fincapé na pureza dos seus motivos en todos os tratos cos homes do mundo e falou do fervor da súa amizade con aqueles que eran amigables. Caíanlle bágoas devagar dos ollos. A súa voz tremía cando se dirixía ás compañeiras.

Unha vez en que o camareiro estaba a piques de marchar cunha bandexa baleira, o home sacou unha moeda do peto e estricou a man.

-Ei -dixo, con aire de magnificencia-. Aí vai un cuarto.

O camareiro deixou as mans na bandexa.

-Non che quero os teus cartos -dixo.

O outro estricou máis a man con choromiqueira insistencia.

-Aí vai un cuarto -berrou-. Cólleo! Es un bo tipo e quero que o collas!

-A ver, a ver -dixo o camareiro co aire fusco dun home que se ve obrigado a dar un consello-. Garda os cartos no peto! 'Tás borracho e estas facendo o ridículo.

Cando este saíu pola porta o home virouse cara ás mulleres con patetismo.

-Non sabe que son un bo tipo -berrou apesado.

-Non te preocupes, Pete, querido -dixo a muller rechamante e atrevida poñéndolle a man no brazo con cariño-. Non te preocupes, rapaciño! Nós quedaremos contigo, querido!

-Iso é! -berrou o home, coa cara iluminada co ton tranquilo da voz da muller-. Iso é! Eu son un bo tipo e cando alguén me trata ben, eu o trato ben! Non é?

-Claro! -berraron as mulleres-. E non imos marchar, rapaciño.

O home dirixiulle unha ollada suplicante á muller brillante e audaz. Sentía que se nese momento o culpaban cunha acción desprezable podería morrer.

-Ei, Nell, eu sempre te tratei ben, non si? Sempre fun un bo tipo contigo, non si, Nell?

-Claro que si, Pete -respondeu a muller con conformidade. Dirixiulle unha frase ás súas compañeiras-. Si señor, é un feito. Pete é un tipo de principios, si tal. Nunca lle dá as costas a un amigo. É un bo tipo e quedaremos con el, non si rapazas?

-Claro! -exclamaron. Ollando amorosamente para el levantaron as copas e beberon por el.

-Rapazas -dixo o home suplicante-. Sempre vos tratei ben, non si? Eu son un bo tipo, non si, rapazas?

-Claro! -de novo repetiron a coro.

-Ben -dixo finalmente-. Imos tomarlle outra, logo.

-Iso é -ouveou unha muller-. Iso é. Non es un tipo calquera! Ti gastas os cartos coma un home! Iso é!

O home bateu na mesa cos puños trementes.

-Iso é -berrou con profunda sinceridade, coma se alguén discutira con el-. Eu son un bo tipo e se alguén me trata ben, eu sempre os trato ben... Imos tomar outra.

Comezou a bater na madeira co vaso.

-Ei -berrou, volvéndose de súpeto moi impaciente. Como o camareiro non chegaba, o home encheuse de ira-. Ei -ouveou de novo.

O camareiro apareceu na porta.

-Trae bebidas -dixo o home.

O camareiro desapareceu coas ordes.

-Ese idiota -berrou o home-. Insultoume! Eu son un bo tipo! Non podo aturar que me insulten! Voulle dar unha boa cando veña!

-Non, non! -berraron as mulleres, arremuiñándose arredor del tentando acalmalo-. Está ben! Non quería dicir nada! Déixao ir! É un bo tipo!

-Non me insultou? -preguntou o home con sinceridade.

-Non! -dixeron elas-. Claro que non, 'ta ben!

-Seguro que non me insultou? -preguntou o home con profunda ansiedade na voz.

-Non, non, coñecémolo! É un bo tipo. Non quería dicir nada.

-Ben, entón -dixo o home con resolución-. Vou a desculparme!

Cando o camareiro volveu, o home arrastrouse ata a metade do chan.

-As rapazas dixeron que me insultaches! Eu digo... mentira! Descúlpome!

-Moi ben -dixo o camareiro.

O home sentouse. Sentía un desexo somnolento pero forte por aclarar as cousas e ter un entendemento perfecto con todo o mundo.

-Nell, eu sempre te tratei ben, non si? E eu cáioche ben, non si, Nell? Son un bo tipo?

-Claro -dixo a muller.

-Sabes que estou colgado por ti, non si, Nell?

-Claro -repetiu ela sen moita atención.

Emocionado por un espasmo de adoración ebria, sacou dous ou tres billetes do peto, e cos dedos trementes dun crego devoto pousounos na mesa diante da muller.

-Sabes que, carallo, podes coller todo o que teño porque 'tou colgado por ti, Nell, carallo, eu.. Eu 'tou colgado por ti, Nell... Merca bebida... Carallo... Estámolo pasando xenial... Cando alguén me trata ben... Eu... Carallo, Nell... Estamos pasándoo xenial.

Ao pouco quedou durmido coa cara inchada caída cara adiante sobre o peito.

As mulleres beberon e riron, sen facerlle caso ao home, que durmía nun recuncho. Finalmente el caeu cara adiante e quedou no chan xemendo.

As mulleres ceibarun un chíó de desagrado e recolleron as saias.

-Veña -berrou unha, poñéndose de pé enfadada-, lisquemos d'aquí.

A muller rechamante e atrevida quedou atrás, collendo os billetes e meténdoos nun profundo peto de forma irregular. Un ronquido gutural do home recostado fixo que dese a volta e ollase para el.

Ela riu.

-Vaia imbécil -dixo, e marchou.

O fume das lámpadas apousaba con gravidez no pequeno compartimento escurecendo a saída. O cheiro do aceite impregnaba o aire coa súa sufocante intensidade. O líquido dun vaso caído pingaba lentamente sobre o pescozo enchoupado de viño do home no chan.

Capítulo XIX

Nun cuarto unha muller sentaba nunha mesa e comía coma un frade gordo nun cadro. Un home sucio e sen barbear abriu a porta de golpe e entrou.

-A ver -dixo-. Mag morreu.

-Que? -dixo a muller coa boca chea de pan.

-Que Mag morreu -repetiu o home.

-Boh, carallo -dixo a muller. Seguiu comendo. Cando rematou o café comezou a chorar. Lembro cando os seus pés eran máis pequenos có teu polgar, e levaba botas de estame -xemía.

-E iso que? -dixo o home.

-Lembro cando levaba botas de estame -choraba ela.

Os veciños comezaron a arremuiñarse no vestíbulo ollando para a muller que choraba coma se ollasen para as contorsións dun can morrendo. Unha ducia de mulleres entraron e choraban con ela. Baixo as súas mans ocupadas o cuarto colleu a asombrosa aparencia de limpeza e orde coa que se presentan os respectos á morte.

De súpeto a porta abriuse e unha muller cun vestido negro entrou correndo no cuarto cos brazos estricados.

-Ai, pobre Mary! -berraba e abrazou con tenrura a que estaba chorando.

-Ai, que cousa máis terrible -seguiu. O seu vocabulario proviña das igrexas misioneirias. Ai, miña pobre Mary, como cho sinto! E que cousa máis terrible é un fillo desobediente!

A súa donda cara maternal estaba enchoupada de bágoas. Tremía con sinceridade para expresar a súa solidariedade. A nai estaba sentada coa cabeza baixa, abaneando o corpo con forza cara adiante e atrás, e chorando nunha voz chiona e cansa que soaba coma unha ladaíña nalgún triste instrumento.

-Podo lembrar cando levaba botas de estame e os seus dous pés non eran máis grandes có seu polgar e levaba botas de estame, Siña Smith -choraba, levantando os seus ollos chorosos.

-Ai, miña pobre Mary -saloucaba a muller de negro. Con saloucos baixos e compasivos axeonllouse ao carón da cadeira da nai e rodeouna cos seus brazos. As outras mulleres deron en xemer en distintos tons.

-A túa pobre filla descarreirada marchou, Mary, e quédanos a esperanza de que foi o mellor. Tes que perdoala agora, Mary, non si, querida, e toda a súa desobediencia? Todo o seu comportamento desagradecido cara á súa nai e todo o que fixo mal? Ela marchou onde os seus terribles pecados serán xulgados.

A muller de negro elevou o rostro e calou. A luz inevitable do sol filtrouse pola fiestra e proxectou unha alegría tétrica nos tons esvaecidos no cuarto. Dous ou tres dos espectadores choricaban e un deles choraba en alto. A nai levantouse e foi arrastrándose ao outro cuarto. Logo dun anaco volveu cun par de zapatos de bebé de tons esvaecidos na cunca da man.

-Podo lembrarme de cando ela os usaba -berraba ela. As mulleres romperon a chorar coma se as acabasen de acoitelar. A nai virouse cara o home sucio e sen barbear.

-Jimmie, rapaz, vai pola túa irmá! Vai pola túa irmá e poñémoslle as botas nos pés!

-Non lle van valer agora, boba do carallo -dixo o home.

-Vai e trae a túa irmá, Jimmie -chiou a muller, confrontándoo con violencia.

O home xurou nun ton fusco. Foi ata un recuncho e comezou a poñer o abrigo con calma. Colleu o sombreiro e saíu, cun paso arrastrado e sen ganas.

A muller de negro adiantouse e de novo pregoulle á nai.

-Has de perdoala, Mary! Has de perdoar a túa filla descarreirada! A súa vida foi maldita e os seus días foron escuros, pero ti has de perdoar a túa filla descarreirada, non si? Ela marchou onde os seus pecados han ser xulgados.

-Marchou onde os seus pecados han ser xulgados -berraron as outras mulleres, coma un coro nun funeral.

-O Señor dánolo e o Señor quítanolo -dixo a muller de negro, elevando os ollos cara aos raios de sol.

-O Señor dánolo e o Señor quítanolo -responderon as outras.

-Has de perdoala, Mary! -pregáballe a muller de negro. A nai tentaba falar pero as palabras afogaron. Ela sacudiu os seus grandes ombros con frenesí, na agonía da dor. As bágoas quentes queimábanlle o rostro tremente. Finalmente atopou a voz e elevouse nun berro de dor.

-Ai, si, perdóoa! Perdóoa!